

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

7771 *Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sociedades.*

I

A Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, estableceu unha nova regulación desta figura impositiva, pilar básico da imposición directa conxuntamente co imposto sobre a renda das persoas físicas. Ben que esta nova regulación mantivo a estrutura do imposto sobre sociedades que xa existía desde o ano 1996, producíronse cambios significativos no tratamento fiscal de determinadas rendas obxecto de integración na base imponible.

A aprobación desa nova lei require unha revisión integral da norma regulamentaria que necesariamente acompaña o imposto sobre sociedades, de maneira que o regulamento que se aproba a través deste real decreto cumpre a dobre función de adecuación aos novos parámetros establecidos pola Lei 27/2014 e de actualización das regras nel dispostas.

II

Este real decreto consta dun artigo único, dunha disposición adicional, dunha derogatoria e tres derradeiras.

O artigo único aproba o texto do Regulamento do imposto sobre sociedades.

A disposición adicional permite que as referencias realizadas ao anterior Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, se entendan realizadas ao Regulamento do imposto sobre sociedades aprobado neste real decreto.

A disposición derogatoria recolle a derogación do real decreto anteriormente mencionado.

Na disposición derradeira primeira modifícase o Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa, aprobado polo Real decreto 1794/2008, do 3 de novembro, co obxecto de reordenar as competencias para exercer as funcións que se prevén no dito regulamento, de tal forma que a condición de autoridade competente recaerá na Axencia Estatal de Administración Tributaria cando se trate de casos relativos exclusivamente a prezos de transferencia, mentres que no resto dos casos esa condición a terá a Dirección Xeral de Tributos.

A disposición derradeira segunda regula o título competencial.

A disposición derradeira terceira dispón a entrada en vigor do real decreto, incluíndo determinadas especificidades en relación coa propia entrada en vigor e coa aplicación de determinadas normas contidas no regulamento.

III

O desenvolvemento regulamentario do imposto sobre sociedades obxecto de aprobación neste real decreto efectúase en virtude das habilitacións contidas no articulado da Lei do imposto, na disposición derradeira décima da dita lei e no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Este regulamento consta de 69 artigos estruturados en catro títulos, unha disposición adicional, cinco disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O título I está destinado á base imponible.

Dentro del, o capítulo I establece o procedemento que se debe seguir naqueles supostos en que o contribuínte utilice un método de imputación temporal no ámbito contable distinto ao da devindicación, procedemento que é similar ao previsto no regulamento anterior.

O capítulo II contén unha actualización do desenvolvemento regulamentario aplicable ás amortizacións, tendo en conta que a existencia dun novo Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, con posterioridade ao anterior regulamento fai innecesarias determinadas regras específicas de aplicación mencionadas neste. Non obstante, no ámbito das amortizacións resulta destacable a flexibilización contida respecto á posibilidade de presentar plans especiais de amortización en calquera momento dentro do prazo de amortización do elemento patrimonial, mentres que até agora esta posibilidade quedaba restrinxida aos tres meses posteriores ao inicio do prazo de amortización.

O capítulo III contén as regras especiais de deducibilidade fiscal da cobertura de risco de crédito en entidades financeiras, nos mesmos termos establecidos na anterior normativa de aplicación.

O capítulo IV regula os plans de gastos correspondentes ás actuacións ambientais e os plans de gastos e investimentos das comunidades titulares de montes veciñais en man común.

O capítulo V recolle a principal novidade deste regulamento e incorpora modificacións substanciais en relación coas entidades e coas operacións vinculadas. No momento actual, resulta absolutamente esencial facerse eco das conclusións que se veñen adoptando no denominado Plan de acción «BEPS», isto é, o Plan de acción contra a erosión da base impoñible e o traslado de beneficios, que se elabora no ámbito da OCDE e, en concreto, en relación coa acción 13, relativa á información e documentación das entidades e operacións vinculadas. Precisamente, con base nisto introdúcese como novidade a información país por país, que encontra cobertura legal na disposición derradeira décima da Lei do imposto e no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como instrumento que permite avaliar os riscos na política de prezos de transferencia dun grupo mercantil sen que, en ningún caso, tal instrumento poida servir de base á Administración tributaria para realizar axustes de prezos. Esta información será exigible a partir de 2016, nos termos e condicións que se fixaron na OCDE. Por outra parte, modifícase a documentación específica de operacións vinculadas a que fai referencia a Lei do imposto, complétase, por un lado, a necesaria simplificación deste tipo de documentación para entidades cun importe neto da cifra de negocios inferior a 45 millóns de euros e adáptase, por outro lado, ao contido da documentación que se establece na OCDE. Neste punto resulta destacable que mentres se reduce considerablemente a documentación que se lles exige ás entidades medianas e pequenas, simplificando significativamente as súas cargas administrativas, se incrementa a exigencia de transparencia que o bo goberno actual require respecto ás multinacionais.

No capítulo VI establécense as regras para a determinación da análise de comparabilidade exigida na documentación específica e actualízase o procedemento de comprobación das operacións vinculadas, tendo en conta que esta non se circunscribe exclusivamente a un suposto de valoración. Por último, neste capítulo régulase a opción de evitar o axuste secundario a través da restitución patrimonial.

Os capítulos VII, IX e X regulan os procedementos para a obtención de acordos previos, xa sexan de valoración de operacións vinculadas, de valoración de gastos correspondentes a proxectos de investigación científica e innovación tecnolóxica ou de cualificación e valoración de rendas procedentes de determinados activos intanxibles.

Pola súa parte, o capítulo VIII contén a documentación que se debe xuntar ás operacións realizadas con persoas ou entidades non vinculadas residentes en paraísos fiscais.

O título II recolle os límites ao réxime de axudas para obras audiovisuais establecido no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos

artigos 107 e 108 do Tratado, comunmente coñecido como o Regulamento xeral de exención por categorías. O título III está dedicado ás regras de aplicación de determinados réximes especiais, con 7 capítulos destinados, respectivamente, ás agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas, á consolidación fiscal, ás operacións de reestruturación, a determinados contratos de arrendamento financeiro, ás entidades de tenza de valores estranxeiros, ás entidades navieiras e aos partidos políticos. Entre todos eles cabe destacar a adaptación das obrigacións formais correspondentes ao réxime de consolidación fiscal á nova delimitación do perímetro de consolidación. Así mesmo, a desaparición da opción no réxime de operacións de reestruturación permite minorar obrigacións formais neste réxime especial.

Finalmente, o título IV destínase á xestión do imposto e dedícase o capítulo I ao índice de entidades, á devolución do imposto e ás obrigacións de colaboración con entidades externas na presentación e xestión de declaracións, e o capítulo II, ás obrigacións de reter e ingresar á conta. Incorpórase un novo capítulo III para regular o procedemento de compensación e aboamento de activos por imposto diferido, cando se produce a súa conversión en créditos exixibles para a Facenda pública.

Todo o anterior se completa cunha disposición adicional, cinco disposicións transitorias e unha disposición derradeira e incorpórase, así mesmo, un índice de contido para facilitar a utilización da norma.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do imposto sobre sociedades.*

Apróbase o Regulamento do imposto sobre sociedades, que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, entenderanse realizadas aos preceptos correspondentes do regulamento que se aproba mediante este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedará derogado o Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sociedades, con excepción do establecido na disposición derradeira deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa, aprobado polo Real decreto 1794/2008, do 3 de novembro.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2016, introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa, aprobado polo Real decreto 1794/2008, do 3 de novembro:

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 2. *Autoridade competente.*

A autoridade competente para exercer as funcións reguladas neste regulamento será:

- a) Con carácter xeral, a Dirección Xeral de Tributos.

b) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando se trate dos procedementos regulados no título III deste regulamento, así como os regulados no título II cando se refiran á aplicación dos artigos dos convenios para evitar a dobre imposición que regulan os beneficios empresariais con establecemento permanente e as empresas asociadas.

Os procedementos amigables que sexan de competencia conxunta serán coordinados pola Dirección Xeral de Tributos.

Corresponde á autoridade competente o impulso das actuacións.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A instrución do procedemento, así como a fixación da posición española, corresponderá á autoridade competente.

A instrución dos procedementos que sexan competencia conxunta da Dirección Xeral de Tributos e da Axencia Estatal da Administración Tributaria será coordinada pola Dirección Xeral de Tributos. A posición española fixarana conxuntamente as dúas autoridades competentes.»

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A instrución do procedemento, así como a fixación da posición española, corresponderá á autoridade competente.

A instrución dos procedementos que sexan competencia conxunta da Dirección Xeral de Tributos e da Axencia Estatal da Administración Tributaria será coordinada pola Dirección Xeral de Tributos.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O Regulamento do imposto sobre sociedades será de aplicación aos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2015, excepto o seu artigo 14, que entrará en vigor en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

No caso de persoas ou entidades cuxo importe neto da cifra de negocios, definido nos termos establecidos no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, sexa igual ou superior a 45 millóns de euros, a información e documentación específica establecidas nos artigos 15 e 16 do Regulamento resultarán de aplicación para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2016. Nos períodos impositivos que se inicien en 2015, esas persoas ou entidades estarán sometidas ás obrigacións de documentación establecidas nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

REGULAMENTO DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

ÍNDICE

- Título I. A base imponible.
- Capítulo I. Imputación temporal de ingresos e gastos: aprobación de criterios diferentes á devindicación.
- Artigo 1. Aprobación de criterios de imputación temporal diferentes á devindicación.
Artigo 2. Órgano competente.
- Capítulo II. Amortizacións.
- Artigo 3. Amortización de elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios: normas comúns.
Artigo 4. Amortización segundo a táboa de amortización establecida na Lei do imposto.
Artigo 5. Amortización segundo porcentaxe constante.
Artigo 6. Amortización segundo números díxitos.
Artigo 7. Plans de amortización.
- Capítulo III. Cobertura do risco de crédito en entidades financeiras.
- Artigo 8. Ámbito de aplicación.
Artigo 9. Cobertura do risco de crédito.
- Capítulo IV. Plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais. Plans especiais de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común.
- Artigo 10. Plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais.
Artigo 11. Plans especiais de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común.
Artigo 12. Órgano competente.
- Capítulo V. Información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas.
- Sección 1.^a Elementos xerais da información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas.
- Artigo 13. Información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas.
- Sección 2.^a Información país por país.
- Artigo 14. Información país por país.
- Sección 3.^a Documentación específica.
- Artigo 15. Documentación específica do grupo a que pertenza o contribuínte.
Artigo 16. Documentación específica do contribuínte.
- Capítulo VI. Regras de valoración e procedemento de comprobación de operacións vinculadas.
- Sección 1.^a Determinación do valor de mercado das operacións vinculadas. Regras específicas.
- Artigo 17. Determinación do valor de mercado das operacións vinculadas: análise de comparabilidade.

Artigo 18. Requisitos dos acordos de repartición de custos subscritos entre persoas ou entidades vinculadas.

Sección 2.^a Comprobación das operacións vinculadas.

Artigo 19. Comprobación das operacións vinculadas.

Sección 3.^a Restitución patrimonial.

Artigo 20. Restitución patrimonial derivada das diferenzas entre o valor convido e o valor de mercado das operacións vinculadas.

Capítulo VII. Acordos previos de valoración de operacións entre persoas ou entidades vinculadas.

Sección 1.^a Acordos previos de valoración de operacións entre persoas ou entidades vinculadas.

Artigo 21. Actuacións previas.

Artigo 22. Inicio do procedemento.

Artigo 23. Réxime da documentación presentada.

Artigo 24. Tramitación.

Artigo 25. Terminación e efectos do acordo.

Artigo 26. Recursos.

Artigo 27. Órganos competentes.

Artigo 28. Información sobre a aplicación do acordo para a valoración das operacións efectuadas con persoas ou entidades vinculadas.

Artigo 29. Modificación do acordo previo de valoración.

Artigo 30. Prórroga do acordo previo de valoración.

Sección 2.^a Acordos previos de valoración de operacións con outras administracións tributarias.

Artigo 31. Procedemento para o acordo de operacións vinculadas con outras administracións tributarias.

Artigo 32. Inicio do procedemento.

Artigo 33. Tramitación.

Artigo 34. Resolución.

Artigo 35. Órganos competentes.

Artigo 36. Solicitude doutra Administración tributaria.

Capítulo VIII. Documentación das operacións con persoas ou entidades non vinculadas residentes en paraísos fiscais.

Artigo 37. Documentación das operacións con persoas ou entidades non vinculadas residentes en paraísos fiscais.

Capítulo IX. Valoración previa de gastos correspondentes a proxectos de investigación científica ou de innovación tecnolóxica.

Artigo 38. Valoración previa de gastos correspondentes a proxectos de investigación científica ou de innovación tecnolóxica.

Capítulo X. Acordos previos de valoración ou de cualificación e valoración de rendas procedentes de determinados activos intanxibles.

Artigo 39. Inicio do procedemento.

Artigo 40. Tramitación.

Artigo 41. Terminación e efectos do acordo.

Artigo 42. Órgano competente.

Artigo 43. Modificación do acordo previo de valoración ou de cualificación e valoración.

Artigo 44. Prórroga do acordo previo de valoración ou do acordo previo de cualificación e valoración.

Título II. Límites nas axudas derivadas da aplicación do dereito da Unión Europea.

Artigo 45. Límites da acumulación das axudas ao sector cinematográfico.

Título III. Regras de aplicación de determinados réximes especiais.

Capítulo I. Agrupacións de interese económico españolas e europeas, unións temporais de empresas.

Artigo 46. Obrigacións das agrupacións de interese económico, españolas e europeas e das unións temporais de empresas.

Capítulo II. Réxime de consolidación fiscal.

Artigo 47. Aplicación e obrigacións de información das entidades acollidas ao réxime de consolidación fiscal.

Capítulo III. Réxime de fusións, escisións, achegas de activos, troca de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou unha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea.

Artigo 48. Comunicación do réxime especial.

Artigo 49. Contido da comunicación.

Capítulo IV. Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro.

Artigo 50. Contratos de arrendamento financeiro.

Capítulo V. Réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros.

Artigo 51. Comunicación da opción e da renuncia no réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros.

Capítulo VI. Réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe.

Artigo 52. Ámbito de aplicación: explotación de buques.

Artigo 53. Procedemento de solicitude do réxime.

Artigo 54. Renuncia e incumprimento do réxime.

Capítulo VII. Partidos políticos.

Artigo 55. Explotacións económicas propias dos partidos políticos exentas no imposto sobre sociedades.

Artigo 56. Acreditación para efectos da exclusión da obrigación de reter ou ingresar á conta respecto das rendas exentas percibidas polos partidos políticos.

Título IV. Xestión do imposto.

Capítulo I. Índice de entidades, devolución e obrigacións de colaboración.

Artigo 57. Índice de entidades.

Artigo 58. Devolución.

Artigo 59. Colaboración externa na presentación e xestión de declaracións.

Capítulo II. Obrigación de reter e ingresar á conta.

Artigo 60. Rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.

- Artigo 61. Excepcións á obrigação de reter e de ingresar á conta.
Artigo 62. Suxeitos obrigados a reter ou a efectuar un ingreso á conta.
Artigo 63. Cualificación dos activos financeiros e requisitos fiscais para a transmisión, reembolso e amortización de activos financeiros.
Artigo 64. Base para o cálculo da obrigação de reter e ingresar á conta.
Artigo 65. Nacemento da obrigação de reter e ingresar á conta.
Artigo 66. Porcentaxe de retención e ingreso á conta.
Artigo 67. Importe da retención ou ingreso á conta.
Artigo 68. Obrigacións do retedor e do obrigado a ingresar á conta.

Capítulo III. Conversión de activos por imposto diferido en créditos exixibles fronte á Facenda pública. Procedemento de comprobación e aboamento.

Artigo 69. Procedemento de compensación e aboamento de créditos exixibles fronte á Facenda pública.

Disposición adicional única. Concepto de entidade patrimonial en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria primeira. Amortización dos elementos usados.

Disposición transitoria segunda. Risco de crédito en entidades financeiras.

Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio dos beneficios fiscais sobre determinadas operacións financeiras.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de retencións sobre os rendementos do capital mobiliario e sobre ganancias patrimoniais.

Disposición transitoria quinta. Obrigacións de información da disposición transitoria décimo cuarta da Lei do imposto.

Disposición derradeira. Habilitación ao ministro de Facenda e Administracións Públicas.

TÍTULO I

A base imponible

CAPÍTULO I

Imputación temporal de ingresos e gastos: aprobación de criterios diferentes á devindicación

Artigo 1. *Aprobación de criterios de imputación temporal diferentes á devindicación.*

1. As entidades que utilicen, para efectos contables, un criterio de imputación temporal de ingresos e gastos diferente á devindicación deberán presentar unha solicitude ante a Administración tributaria para que o referido criterio teña eficacia fiscal.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

a) Descrición dos ingresos e gastos a que afecta o criterio de imputación temporal, facendo constar, ademais da súa natureza, a súa importancia no conxunto das operacións do contribuínte.

b) Descrición do criterio de imputación temporal cuxa eficacia fiscal se solicita. No caso de que o criterio de imputación temporal sexa de obrigado cumprimento, deberá especificarse a norma contable que estableza tal obrigação.

c) Xustificación da adecuación do criterio de imputación temporal proposto á imaxe fiel que deben proporcionar as contas anuais e explicación da súa influencia sobre o patrimonio, a situación financeira e os resultados do contribuínte.

d) Descrición da incidencia, para efectos fiscais, do criterio de imputación temporal.

3. A solicitude presentárase con, ao menos, seis meses de antelación á conclusión do primeiro período impositivo respecto do que se pretenda que teña efectos.

O contribuínte poderá desistir da solicitude formulada.

4. A Administración tributaria poderá requirir do contribuínte cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

O contribuínte poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto ao contribuínte, quen disporá dun prazo de 15 días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

a) Aprobar o criterio de imputación temporal de ingresos e gastos formulado polo contribuínte.

b) Desestimar o criterio de imputación temporal de ingresos e gastos formulado polo contribuínte.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar antes de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente ou desde a data da súa emenda por requirimento do dito órgano.

7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o punto anterior sen se ter producido unha resolución expresa, entenderase aprobado o criterio de imputación temporal de ingresos e gastos utilizado polo contribuínte.

Artigo 2. *Órgano competente.*

Será competente para instruír e resolver o procedemento o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

CAPÍTULO II

Amortizacións

Artigo 3. *Amortización de elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios: normas comúns.*

1. Considerarase que a depreciación dos elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios é efectiva cando sexa o resultado de aplicar algún dos métodos previstos no punto 1 do artigo 12 da Lei do imposto.

2. Será amortizable o prezo de adquisición ou custo de produción, excluído, de ser o caso, o valor residual. Cando se trate de edificacións, non será amortizable a parte do prezo de adquisición correspondente ao valor do solo excluídos, de ser o caso, os custos de rehabilitación. Cando non se coñeza o valor do solo, calcularase rateando o prezo de adquisición entre os valores catastrais do solo e da construción no ano de adquisición. Non obstante, o contribuínte poderá utilizar un criterio de distribución do prezo de adquisición diferente cando se probe que ese criterio se fundamenta no valor normal de mercado do solo e da construción no ano de adquisición.

3. Os elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios empezarán a amortizarse desde a súa posta en condicións de funcionamento, e os do inmovilizado intanxible, desde o momento en que estean en condicións de producir ingresos.

Os elementos patrimoniais do inmovilizado material, inmaterial e investimentos inmobiliarios deberán amortizarse dentro do período da súa vida útil.

4. Cando as renovacións, ampliacións ou melloras dos elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios se incorporen ao dito inmovilizado, o seu importe amortizarase durante os períodos impositivos que resten para completar a vida útil dos referidos elementos patrimoniais. Para tal efecto, imputarase a cada período impositivo o resultado de aplicar ao importe das renovacións, ampliacións ou melloras o coeficiente resultante de dividir a amortización contabilizada do elemento patrimonial practicada en cada período impositivo, na medida en que se corresponda coa depreciación efectiva, entre o valor contable que ese elemento patrimonial tiña ao inicio do período impositivo en que se realizaron as operacións de renovación, ampliación ou mellora.

Os elementos patrimoniais que foron obxecto das operacións de renovación, ampliación ou mellora continuarán amortizándose segundo o método que se viña aplicando con anterioridade á súa realización.

Cando as operacións mencionadas neste punto determinen un alongamento da vida útil estimada do activo, ese alongamento deberá terse en conta para os efectos da amortización do elemento patrimonial e do importe da renovación, ampliación ou mellora.

5. As regras do número anterior tamén se aplicarán no suposto de revalorizacións contables realizadas en virtude de normas legais ou regulamentarias que obriguen a incluír o seu importe no resultado contable.

6. Nos supostos de fusión, escisión, total e parcial, e achega, deberá proseguirse para cada elemento patrimonial adquirido o método de amortización a que estaba suxeito, excepto se o contribuínte prefire aplicarles o seu propio método de amortización.

Artigo 4. Amortización segundo a táboa de amortización establecida na Lei do imposto.

1. Cando o contribuínte utilice o método de amortización segundo a táboa de amortización establecida na Lei do imposto, a depreciación entenderase efectiva se se corresponde co resultado de aplicar ao prezo de adquisición ou custo de produción do elemento patrimonial do inmovilizado algún dos seguintes coeficientes:

- a) O coeficiente de amortización lineal máximo establecido na táboa.
- b) O coeficiente de amortización lineal que deriva do período máximo de amortización establecido na táboa.
- c) Calquera outro coeficiente de amortización lineal comprendido entre os dous anteriormente mencionados.

Para os efectos de aplicar o previsto no punto 3.1.º do artigo 11 da Lei do imposto, cando un elemento patrimonial se amortizase contablemente nalgún período impositivo por un importe inferior ao resultante de aplicar o coeficiente previsto na letra b) anterior, entenderase que o exceso das amortizacións contabilizadas en posteriores períodos impositivos respecto da cantidade resultante da aplicación do previsto na letra a) anterior corresponde ao período impositivo citado en primeiro lugar, até o importe da amortización que correspondería por aplicación do disposto na referida letra b) anterior.

2. Cando un elemento patrimonial se utilice diariamente en máis dunha quenda normal de traballo, poderá amortizarse en función do coeficiente formado pola suma:

- a) Do coeficiente de amortización lineal que deriva do período máximo de amortización, e
- b) Do resultado de multiplicar a diferenza entre o coeficiente de amortización lineal máximo e o coeficiente de amortización lineal que deriva do período máximo de amortización, polo cociente entre as horas diarias habitualmente traballadas e oito horas.

O disposto neste punto non será de aplicación a aqueles elementos que pola súa natureza técnica deban ser utilizados de forma continuada.

3. Tratándose de elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios que se adquiran usados, é dicir, que non sexan postos en condicións de funcionamento por primeira vez, o cálculo da amortización efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) Sobre o prezo de adquisición, até o límite resultante de multiplicar por 2 a cantidade derivada de aplicar o coeficiente de amortización lineal máximo.
- b) Se se coñece o prezo de adquisición ou custo de produción orixinario, este poderá ser tomado como base para a aplicación do coeficiente de amortización lineal máximo.
- c) Se non se coñece o prezo de adquisición ou custo de produción orixinario, o contribuínte poderá determinar aquel pericialmente. Establecido o dito prezo de adquisición ou custo de produción, procederase de acordo co previsto na letra anterior.

Tratándose de elementos patrimoniais usados adquiridos a entidades pertencentes a un mesmo grupo de sociedades, segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, a amortización calcularase de acordo co previsto na letra b), excepto se o prezo de adquisición foi superior ao orixinario, caso en que a amortización deducible terá como límite o resultado de aplicar ao prezo de adquisición o coeficiente de amortización lineal máximo.

Para os efectos deste punto non se considerarán como elementos patrimoniais usados os edificios cuxa antigüidade sexa inferior a dez anos.

Artigo 5. *Amortización segundo porcentaxe constante.*

1. Cando o contribuínte utilice o método de amortización segundo porcentaxe constante, a depreciación entenderase efectiva se se corresponde co resultado de aplicar ao valor pendente de amortización do elemento patrimonial unha porcentaxe constante que se determinará ponderando calquera dos coeficientes que resulte da aplicación da táboa de amortización establecida no punto 1 do artigo 12 da Lei do imposto polos seguintes coeficientes:

- a) 1,5, se o elemento patrimonial ten un período de amortización inferior a 5 anos.
- b) 2, se o elemento patrimonial ten un período de amortización igual ou superior a 5 e inferior a 8 anos.
- c) 2,5, se o elemento patrimonial ten un período de amortización igual ou superior a 8 anos.

O período de amortización será o correspondente ao coeficiente de amortización lineal elixido.

En ningún caso a porcentaxe constante poderá ser inferior ao 11 por cento.

O importe pendente de amortizar no período impositivo en que se produza a conclusión da vida útil amortizarase no dito período impositivo.

2. Os edificios, mobiliario e enxoval non se poderán amortizar mediante o método de amortización segundo porcentaxe constante.

3. Os elementos patrimoniais adquiridos usados poderanse amortizar mediante o método de amortización segundo porcentaxe constante, aplicando a porcentaxe constante a que se refire o punto 1.

Artigo 6. *Amortización segundo números díxitos.*

1. Cando o contribuínte utilice o método de amortización segundo números díxitos, a depreciación entenderase efectiva se a cota de amortización se obtén por aplicación do seguinte método:

a) Obterase a suma de díxitos mediante a adición dos valores numéricos asignados aos anos en que se teña que amortizar o elemento patrimonial. Para estes efectos, asignarase o valor numérico maior da serie de anos en que se deba amortizar o elemento patrimonial ao ano en que deba comezar a amortización, e para os anos seguintes, valores numéricos sucesivamente decrecentes nunha unidade, até chegar ao último considerado para a amortización, que terá un valor numérico igual á unidade.

A asignación de valores numéricos tamén poderá efectuarse de maneira inversa á prevista no parágrafo anterior.

O período de amortización poderá ser calquera dos comprendidos entre o período máximo e o que se deduce do coeficiente de amortización lineal máximo segundo a táboa de amortización establecida na Lei do imposto, ambos inclusive.

b) Dividirase o prezo de adquisición ou custo de produción entre a suma de díxitos obtida segundo o parágrafo anterior e determinarase, así, a cota por dígito.

c) Multiplicarase a cota por dígito polo valor numérico que corresponda ao período impositivo.

2. Os edificios, mobiliario e enxoval non se poderán amortizar mediante o método de amortización segundo números díxitos.

3. Os elementos patrimoniais adquiridos usados poderanse amortizar mediante o método de amortización segundo números díxitos, de acordo co disposto no punto 1.

Artigo 7. *Plans de amortización.*

1. Os contribuíntes poderán propor á Administración tributaria un plan para a amortización dos elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible ou investimentos inmobiliarios.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

a) Descrición dos elementos patrimoniais obxecto do plan especial de amortización, indicando a actividade a que estean adscritos e a súa localización.

b) Método de amortización que se propón, indicando a distribución temporal das amortizacións que derivan del.

c) Xustificación do método de amortización proposto.

d) Prezo de adquisición ou custo de produción dos elementos patrimoniais.

e) Data de inicio da amortización dos elementos patrimoniais.

No caso de elementos patrimoniais en construción, indicárase a data prevista en que deba comezar a amortización.

3. A solicitude presentárase dentro do período de construción ou de amortización dos elementos patrimoniais.

O contribuínte poderá desistir da solicitude formulada.

4. A Administración tributaria poderá requirir do contribuínte cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

O contribuínte poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que coide pertinentes.

5. Unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto ao contribuínte, quen disporá dun prazo de 15 días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

a) Aprobar o plan de amortización formulado polo contribuínte.

b) Aprobar, coa aceptación do contribuínte, un plan de amortización que difira do inicialmente presentado.

c) Desestimar o plan de amortización formulado polo contribuínte.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar antes de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente ou desde a data da súa emenda tras requirimento do dito órgano.

7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o punto anterior sen se ter producido unha resolución expresa, entenderase aprobado o plan de amortización formulado polo contribuínte.

8. O plan de amortización aprobado producirá efecto nos períodos impositivos que finalicen tras a súa presentación, salvo que expresamente se estableza unha data distinta.

9. Os plans de amortización aprobados poderán ser modificados por solicitude do contribuínte, caso en que se observarán as normas previstas nos puntos anteriores. Esta solicitude deberá presentarse no período impositivo no cal deba producir efecto a dita modificación.

10. Os plans de amortización aprobados poderán aplicarse a aquel outros elementos patrimoniais de idénticas características cuxa amortización vaia comezar antes do transcurso de tres anos contados desde a data de notificación do acordo de aprobación do plan de amortización, sempre que se manteñan substancialmente as circunstancias de carácter físico, tecnolóxico, xurídico e económico determinantes do método de amortización aprobado. Esta aplicación deberá ser obxecto de comunicación á Axencia Estatal de Administración Tributaria con anterioridade á finalización do período impositivo en que deba producir efecto.

11. Será competente para instruír e resolver o expediente o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

CAPÍTULO III

Cobertura do risco de crédito en entidades financeiras

Artigo 8. *Ámbito de aplicación.*

O previsto neste capítulo será de aplicación ás entidades de crédito obrigadas a formular as súas contas anuais individuais de acordo coas normas establecidas polo Banco de España, así como ás sucursais de entidades de crédito residentes no estranxeiro que operen en España.

Así mesmo, resultará de aplicación aos fondos de titulación a que se refire o título III da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, en relación coa deducibilidade das correccións valorativas por deterioración de valor dos instrumentos de débeda valorados polo seu custo amortizado.

Artigo 9. *Cobertura do risco de crédito.*

1. Serán deducibles as dotacións correspondentes á cobertura do risco de crédito até o importe das contías mínimas previstas nas normas establecidas polo Banco de España.

2. Non serán deducibles as dotacións correspondentes a perdas respecto dos créditos que seguidamente se citan, excepto se son obxecto dun procedemento arbitral ou xudicial que verse sobre a súa existencia ou contía:

- a) Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público.
- b) Os garantidos mediante dereitos reais, pactos de reserva de dominio e dereito de retención, cando o obxecto dos citados dereitos reais sexan vivendas terminadas.

Non obstante, serán deducibles as dotacións que se practicasen nos casos de perda ou envilecemento da garantía, así como as practicadas conforme o establecido no punto 17.b) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España.

c) Os garantidos con depósitos en diñeiro ou contratos de seguro de crédito ou caución.

d) Os que estean suxeitos a un pacto ou acordo interno de renovación, entendéndose que tal suxeición se dá cando, con posterioridade á aparición das circunstancias determinantes do risco de crédito, o contribuínte conceda crédito ao debedor.

Non se considerará producida a renovación nos seguintes casos:

1.º Concesión de novas facilidades ou renegociación das débedas contraídas polos acreditados, residentes ou non residentes, no caso de procedementos concursais, plans de viabilidade, reconversión ou situacións análogas.

2.º Concesión de facilidades financeiras ao debedor relacionadas exclusivamente co financiamento das súas vendas.

3.º Prórroga ou reinstrumentación simple das operacións, efectuadas co fin de obter unha mellor calidade formal do título xurídico sen obtención de novas garantías eficaces.

e) Os debidos por persoas ou entidades vinculadas de acordo co establecido no artigo 18 da Lei do imposto, excepto se están en situación de concurso, insolvencias xudicialmente declaradas ou noutras circunstancias debidamente acreditadas que evidencien unha reducida posibilidade de cobramento.

f) Os debidos por partidos políticos, sindicatos de traballadores, asociacións empresariais, colexios profesionais e cámaras oficiais, salvo nos casos de procedementos concursais, insolvencias xudicialmente declaradas ou concorrencia doutras circunstancias debidamente xustificadas que evidencien unhas reducidas posibilidades de cobramento.

g) Os denominados subestándar do punto 7 do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, na parte que corresponda a operacións con garantía real ou cuxas dotacións estarían excluídas da dedución por incorrer nelas algunhas das demais circunstancias descritas nos parágrafos a) a f) anteriores, así como os garantidos por outras entidades do mesmo grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas.

O importe deducible correspondente ás demais operacións non poderá exceder a cobertura xenérica que correspondería de se ter clasificado como risco normal, por aplicación do parámetro alfa a que se refire o punto 29.b) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro.

h) Tratándose da cobertura do denominado risco-país, non serán deducibles as dotacións relativas:

1.º Aos créditos e riscos de sinatura garantidos indirectamente por calquera tipo de operación comercial ou financeira.

2.º Á parte do crédito non disposta polo debedor.

3.º Aos países incluídos no grupo de países non clasificados, excepto na parte que afecte operacións interbancarias.

3. Non serán deducibles as dotacións baseadas en estimacións globais, incluso estatísticas, do risco de crédito. Non obstante, será deducible o importe da cobertura xenérica que non se corresponda a riscos continxentes co límite do resultado de aplicar o un por cento sobre a variación positiva global no período impositivo dos instrumentos de débeda clasificados como risco normal a que se refire o punto 7.a) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, excluídos os instrumentos de débeda sen risco apreciable, os valores negociados en mercados secundarios organizados, créditos cubertos con garantía real e cotas pendentes de vencemento de contratos de arrendamento financeiro sobre bens inmoables. A cobertura xenérica que corresponda a riscos continxentes será deducible na parte que se dotase por aplicación do parámetro alfa a que se refire o punto 29.b) do dito anexo IX.

CAPÍTULO IV

Plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais. Plans especiais de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común

Artigo 10. *Plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais.*

1. De acordo co punto 4 do artigo 14 da Lei do imposto, os contribuíntes poderán someter á Administración tributaria un plan de gastos correspondentes a actuacións ambientais.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

a) Descrición das obrigacións do contribuínte ou compromisos adquiridos por el para previr ou reparar danos sobre o ambiente.

b) Descrición técnica e xustificación da necesidade da actuación que se pretende realizar.

c) Importe estimado dos gastos correspondentes á actuación ambiental e xustificación del.

d) Criterio de imputación temporal do importe estimado dos gastos correspondentes á actuación ambiental e xustificación del.

e) Data de inicio da actuación ambiental.

3. A solicitude presentarse dentro dos tres meses seguintes á data de nacemento da obrigación ou do compromiso da actuación ambiental.

O contribuínte poderá desistir da solicitude formulada.

4. A Administración tributaria poderá requirir do contribuínte cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

O contribuínte poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que coide pertinentes.

5. Unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto ao contribuínte, quen disporá dun prazo de 15 días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

a) Aprobar o plan de gastos formulado polo contribuínte.

b) Aprobar, coa aceptación do contribuínte, un plan alternativo de gastos.

c) Desestimar o plan de gastos formulado polo contribuínte.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar no prazo de tres meses.

7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o punto anterior sen se ter notificado unha resolución expresa, entenderase aprobado o plan de gastos formulado polo contribuínte.

8. Os plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais aprobados poderán modificarse por solicitude do contribuínte, caso en que se observarán as normas previstas nos puntos anteriores. Esta solicitude deberase presentar dentro dos tres últimos meses do período impositivo no cal deba producir efecto a modificación.

Artigo 11. *Plans especiais de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común.*

1. Cando se probe que os investimentos e gastos se deben efectuar necesariamente nun prazo superior ao previsto no punto 1 do artigo 112 da Lei do imposto, os contribuíntes poderán presentar plans especiais de investimentos e gastos.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:
 - a) Descrición dos gastos, investimentos e os seus importes realizados dentro do prazo previsto no punto 1 do artigo 112 da Lei do imposto.
 - b) Descrición dos investimentos ou gastos pendentes obxecto do plan especial.
 - c) Importe efectivo ou previsto dos investimentos ou gastos do plan.
 - d) Descrición do plan temporal de realización do investimento ou gasto.
 - e) Descrición das circunstancias específicas que xustifican o plan especial de investimentos e gastos.
3. O plan especial de reinvestimento presentarase antes da finalización do último período impositivo a que se refire o punto 1 do artigo 112 da Lei do imposto.
O contribuínte poderá desistir da solicitude formulada.
4. A Administración tributaria poderá requirir do contribuínte cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios. Así mesmo, será preceptivo requirir informe dos organismos das comunidades autónomas que teñan competencia en materia forestal en que teña o seu domicilio fiscal o contribuínte.
O contribuínte poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que coide pertinentes.
5. Unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto ao contribuínte, quen disporá dun prazo de 15 días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coide pertinentes.
6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:
 - a) Aprobar o plan especial de investimentos e gastos formulado polo contribuínte.
 - b) Aprobar, coa aceptación do contribuínte, un plan especial de investimentos e gastos alternativo.
 - c) Desestimar o plan especial de investimentos e gastos formulado polo contribuínte.A resolución será motivada.
O procedemento deberá finalizar no prazo de tres meses.
7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o punto anterior sen se ter notificado unha resolución expresa, entenderase aprobado o plan especial de investimentos e gastos.
8. En caso de incumprimento total ou parcial do plan, o contribuínte regularizará a súa situación tributaria nos termos establecidos no punto 3 do artigo 125 da Lei do imposto, tendo en conta o investimento ou gasto proposto e o efectivamente realizado.

Artigo 12. *Órgano competente.*

Será competente para instruír e resolver o procedemento relativo a plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais e de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común, o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

CAPÍTULO V

Información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas*Sección 1.ª Elementos xerais da información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas**Artigo 13. Información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas.*

1. As entidades residentes en territorio español que teñan a condición de dominantes dun grupo, definido nos termos establecidos no artigo 18.2 da Lei do imposto, e non sexan ao mesmo tempo dependentes doutra entidade, residente ou non residente, deberán achegar a información país por país a que se refire o artigo 14 deste regulamento.

Así mesmo, deberán achegar esta información aquelas entidades residentes en territorio español dependentes, directa ou indirectamente, dunha entidade non residente en territorio español que non sexa, ao mesmo tempo, dependente doutra ou de establecementos permanentes de entidades non residentes, sempre que se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que fosen designadas pola súa entidade matriz non residente para elaborar a dita información.
- b) Que non exista unha obrigaçión de información país por país en termos análogos á prevista neste punto respecto da referida entidade non residente no seu país ou territorio de residencia fiscal.
- c) Que non exista un acordo de intercambio automático de información, respecto da dita información, co país ou territorio en que resida fiscalmente a referida entidade non residente.
- d) Que, existindo un acordo de intercambio automático de información respecto da dita información co país ou territorio en que reside fiscalmente a referida entidade non residente, se producise un incumprimento sistemático del que fose comunicado pola Administración tributaria española ás entidades dependentes ou aos establecementos permanentes residentes en territorio español no prazo previsto no parágrafo seguinte.

Para efectos do disposto neste punto, calquera entidade residente en territorio español que forme parte dun grupo obrigado a presentar a información aquí establecida deberá comunicar á Administración tributaria a identificación e o país ou territorio de residencia da entidade obrigada a elaborar esta información. Esta comunicación deberase realizar antes da finalización do período impositivo a que se refira a información.

O prazo para presentar a información prevista neste punto concluirá transcorridos doce meses desde a finalización do período impositivo. A subministración da dita información efectuarase no modelo elaborado para o efecto, que se aprobará por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

2. Para os efectos do disposto no artigo 18.3 da Lei do imposto, as persoas ou entidades vinculadas, co obxecto de xustificar que as operacións efectuadas se valoraron polo seu valor de mercado, deberán achegar, por requirimento da Administración tributaria, a seguinte documentación específica:

- a) A documentación a que se refire o artigo 15 deste regulamento, relativa ás operacións vinculadas do grupo a que pertence o contribuínte, definido nos termos establecidos no artigo 18.2 da Lei do imposto, incluíndo os establecementos permanentes que formen parte del.
- b) A documentación do contribuínte a que se refire o artigo 16 deste regulamento. Os establecementos permanentes de entidades non residentes en territorio español estarán igualmente obrigados a achegar esta documentación.

Esta documentación deberá estar á disposición da Administración tributaria a partir da finalización do prazo voluntario de declaración e é independente de calquera

documentación ou información adicional que a Administración tributaria poida solicitar no exercicio das súas funcións, de acordo co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

A documentación específica sinalada deberase elaborar de acordo cos principios de proporcionalidade e suficiencia. Na súa preparación, o contribuínte poderá utilizar aquela documentación relevante de que dispoña para outras finalidades.

3. Non obstante, a documentación específica sinalada no punto anterior non resultará de aplicación:

a) Ás operacións realizadas entre entidades que se integren nun mesmo grupo de consolidación fiscal, sen prexuízo do previsto no artigo 65.2 da Lei do imposto.

b) Ás operacións realizadas cos seus membros ou con outras entidades integrantes do mesmo grupo de consolidación fiscal polas agrupacións de interese económico, de acordo co previsto na Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, e ás unións temporais de empresas, reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento industrial rexional, e inscritas no rexistro especial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Non obstante, a documentación específica será exigible no caso de unións temporais de empresas ou fórmulas de colaboración análogas ás unións temporais que se acollan ao réxime establecido no artigo 22 da Lei do imposto.

c) Ás operacións realizadas no ámbito de ofertas públicas de venda ou de ofertas públicas de adquisición de valores.

d) Ás operacións realizadas coa mesma persoa ou entidade vinculada, sempre que o importe da contraprestación do conxunto de operacións non supere os 250.000 euros, de acordo co valor de mercado.

4. O contribuínte deberá incluír, nas declaracións en que así se prevexa, a información relativa ás súas operacións vinculadas nos termos que se estableza por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Sección 2.^a Información país por país

Artigo 14. Información país por país.

1. A información país por país establecida neste artigo resultará exigible ás entidades a que se refire o punto 1 do artigo 13 deste regulamento, exclusivamente, cando o importe neto da cifra de negocios do conxunto de persoas ou entidades que formen parte do grupo, nos 12 meses anteriores ao inicio do período impositivo, sexa, ao menos, de 750 millóns de euros.

2. A información país por país comprenderá, respecto do período impositivo da entidade dominante, de forma agregada, por cada país ou xurisdición:

a) Ingresos brutos do grupo, distinguindo entre os obtidos con entidades vinculadas ou con terceiros.

b) Resultados antes do imposto sobre sociedades ou impostos de natureza idéntica ou análoga a este.

c) Impostos sobre sociedades ou impostos de natureza idéntica ou análoga satisfeitos, incluíndo as retencións soportadas.

d) Impostos sobre sociedades ou impostos de natureza idéntica ou análoga devindicados, incluíndo as retencións.

e) Importe da cifra de capital e outros fondos propios existentes na data de conclusión do período impositivo.

f) Cadro de persoal medio.

g) Activos materiais e investimentos inmobiliarios distintos de tesouraría e dereitos de crédito.

h) Lista de entidades residentes, incluíndo os establecementos permanentes e actividades principais realizadas por cada unha delas.

i) Outra información que se considere relevante e unha explicación, de ser o caso, dos datos incluídos na información.

3. A información establecida neste artigo presentarase en euros.

Sección 3.^a Documentación específica

Artigo 15. *Documentación específica do grupo a que pertenza o contribuínte.*

1. A documentación relativa ao grupo, a que se refire a letra a) do punto 2 do artigo 13 deste regulamento, deberá comprender:

a) Información relativa á estrutura e á organización do grupo:

1.º Descrición xeral da estrutura organizativa, xurídica e operativa do grupo, así como calquera cambio relevante nela.

2.º Identificación das distintas entidades que formen parte do grupo.

b) Información relativa ás actividades do grupo:

1.º Actividades principais do grupo, así como descrición dos principais mercados xeográficos en que opera o grupo, fontes principais de beneficios e cadea de subministración daqueles bens e servizos que representen, ao menos, o 10 por cento do importe neto da cifra de negocios do grupo, correspondente ao período impositivo.

2.º Descrición xeral das funcións exercidas, riscos asumidos e principais activos utilizados polas distintas entidades do grupo, incluíndo os cambios respecto do período impositivo anterior.

3.º Descrición da política do grupo en materia de prezos de transferencia que inclúa o método ou métodos de fixación dos prezos adoptados polo grupo.

4.º Relación e breve descrición dos acordos de repartición de custos e contratos de prestación de servizos relevantes entre entidades do grupo.

5.º Descrición das operacións de reorganización e de adquisición ou cesión de activos relevantes, realizadas durante o período impositivo.

c) Información relativa aos activos intangibles do grupo:

1.º Descrición xeral da estratexia global do grupo en relación co desenvolvemento, propiedade e explotación dos activos intangibles, incluíndo a localización das principais instalacións en que se realicen actividades de investigación e desenvolvemento, así como a dirección delas.

2.º Relación dos activos intangibles do grupo relevantes para efectos de prezos de transferencia, indicando as entidades titulares deles, así como descrición xeral da política de prezos de transferencia do grupo en relación con eles.

3.º Importe das contraprestacións correspondentes ás operacións vinculadas do grupo, derivadas da utilización dos activos intangibles, identificando as entidades do grupo afectadas e os seus territorios de residencia fiscal.

4.º Relación de acordos entre as entidades do grupo relativos a intangibles, incluíndo os acordos de repartición de custos, os principais acordos de servizos de investigación e acordos de licenzas.

5.º Descrición xeral de calquera transferencia relevante sobre activos intangibles realizada no período impositivo, incluíndo as entidades, países e importes.

d) Información relativa á actividade financeira:

1.º Descrición xeral da forma de financiamento do grupo, incluíndo os principais acordos de financiamento subscritos con persoas ou entidades alleas ao grupo.

2.º Identificación das entidades do grupo que realicen as principais funcións de financiamento do grupo, así como o país da súa constitución e o correspondente á súa sede de dirección efectiva.

3.º Descrición xeral da política de prezos de transferencia relativa aos acordos de financiamento entre entidades do grupo.

e) Situación financeira e fiscal do grupo:

1.º Estados financeiros anuais consolidados do grupo, sempre que resulten obrigatorios para este ou se elaboren de maneira voluntaria.

2.º Relación e breve descrición dos acordos previos de valoración vixentes e calquera outra decisión con algunha autoridade fiscal que afecte a distribución dos beneficios do grupo entre países.

2. A documentación prevista neste artigo non resultará de aplicación a aqueles grupos en que o importe neto da cifra de negocios, definido nos termos establecidos no artigo 101 da Lei do imposto, sexa inferior a 45 millóns de euros.

3. Para efectos do disposto no artigo 18.13 da Lei do imposto, constitúen distintos conjuntos de datos as informacións a que se refiren o ordinal 1.º da letra a), os ordinais 1.º, 2.º, 3.º e 5.º da letra b), o ordinal 1.º da letra c) e os ordinais 1.º e 3.º da letra d) do punto 1 deste artigo. Para estes mesmos efectos, terá a consideración de dato cada unha das informacións a que se refire o ordinal 2.º da letra a), o ordinal 4.º da letra b), os ordinais 2.º, 3.º, 4.º e 5.º da letra c), o ordinal 2.º da letra d) e os ordinais 1.º e 2.º da letra e) do punto 1 deste artigo.

Artigo 16. *Documentación específica do contribuínte.*

1. A documentación específica do contribuínte deberá comprender:

a) Información do contribuínte:

1.º Estrutura de dirección, organigrama e persoas ou entidades destinatarias dos informes sobre a evolución das actividades do contribuínte, indicando os países ou territorios en que tales persoas ou entidades teñen a súa residencia fiscal.

2.º Descrición das actividades do contribuínte, da súa estratexia de negocio e, de ser o caso, da súa participación en operacións de reestruturación ou de cesión ou transmisión de activos intanxibles no período impositivo.

3.º Principais competidores.

b) Información das operacións vinculadas:

1.º Descrición detallada da natureza, características e importe das operacións vinculadas.

2.º Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do contribuínte e das persoas ou entidades vinculadas coas cales se realice a operación.

3.º Análise de comparabilidade detallada, nos termos descritos no artigo 17 deste regulamento.

4.º Explicación relativa á selección do método de valoración elixido, incluíndo unha descrición das razóns que xustificaron a súa elección, así como a súa forma de aplicación, os comparables obtidos e a especificación do valor ou intervalo de valores derivados del.

5.º De ser o caso, criterios de repartición de gastos en concepto de servizos prestados conxuntamente en favor de varias persoas ou entidades vinculadas, así como os correspondentes acordos, de os haber, e acordos de repartición de custos a que se refire o artigo 18 deste regulamento.

6.º Copia dos acordos previos de valoración vixentes e calquera outra decisión con algunha autoridade fiscal que estean relacionados coas operacións vinculadas sinaladas anteriormente.

7.º Calquera outra información relevante de que dispuxese o contribuínte para determinar a valoración das súas operacións vinculadas.

c) Información económico-financeira do contribuínte:

- 1.º Estados financeiros anuais do contribuínte.
- 2.º Conciliación entre os datos utilizados para aplicar os métodos de prezos de transferencia e os estados financeiros anuais, cando corresponda e resulte relevante.
- 3.º Datos financeiros dos comparables utilizados e fonte de que proceden.

2. Se, para determinar o valor de mercado, se utilizan outros métodos e técnicas de valoración xeralmente aceptados distintos dos sinalados nas letras a) a e) do artigo 18.4 da Lei do imposto, como poden ser métodos de desconto de fluxos de efectivo futuro estimados, describirase detalladamente o método ou técnica concreto elixido, así como as razóns da súa elección.

En concreto, describiranse as magnitudes, porcentaxes, ratios, tipos de xuro, taxas de actualización e demais variables en que se baseen os citados métodos e técnicas, e xustificarase a razoabilidade e coherencia das hipóteses asumidas por referencia a datos históricos, a plans de negocios ou a calquera outro elemento que se considere esencial para a correcta determinación do valor e a súa adecuación ao principio de libre competencia.

Deberá maximizarse o uso de datos observables de mercado, que deberán quedar acreditados, e limitarase, na medida do posible, o emprego de consideracións subxectivas e de datos non observables ou contrastables.

A documentación que se deberá manter á disposición da Administración tributaria comprenderá os informes, os documentos e os soportes informáticos necesarios para a verificación da correcta aplicación do método de valoración e do valor de mercado resultante.

3. As obrigacións documentais previstas no punto 1 anterior referiranse ao período impositivo en que o contribuínte realizase a operación vinculada.

Cando a documentación elaborada para un período impositivo continúe sendo válida noutros posteriores, non será necesaria a elaboración de nova documentación, sen prexuízo de que se deban efectuar as adaptacións que sexan necesarias.

4. No suposto de persoas ou entidades vinculadas cuxo importe neto da cifra de negocios, definido nos termos establecidos no artigo 101 da Lei do imposto, sexa inferior a 45 millóns de euros, a documentación específica terá o seguinte contido simplificado:

- a) Descrición da natureza, características e importe das operacións vinculadas.
- b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do contribuínte e das persoas ou entidades vinculadas coas cales se realice a operación.
- c) Identificación do método de valoración utilizado.
- d) Comparables obtidos e valor ou intervalos de valores derivados do método de valoración utilizado.

No suposto de persoas ou entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 101 da Lei do imposto, esta documentación específica poderase entender consignada a través do documento normalizado elaborado para o efecto por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas. Estas entidades non deberán achegar os comparables a que se refire a letra d) anterior.

5. O contido simplificado da documentación específica a que se refire o punto anterior non resultará de aplicación ás seguintes operacións:

- a) Ás realizadas por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas no desenvolvemento dunha actividade económica a que resulte de aplicación o método de estimación obxectiva con entidades nas cales aqueles ou os seus cónxuxes, ascendentes

ou descendentes, de forma individual ou conxuntamente entre todos eles, teñan unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento do capital social ou dos fondos propios.

b) Ás operacións de transmisión de negocios.

c) Ás operacións de transmisión de valores ou participacións representativas da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidades non admitidas a negociación nalgún dos mercados regulados de valores, ou que estean admitidos a negociación en mercados regulados situados en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.

d) Ás operacións de transmisión de inmobles.

e) Ás operacións sobre activos intanxibles.

Non obstante, no suposto de entidades a que se refire o artigo 101 da Lei do imposto ou persoas físicas e non se trate de operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, as obrigacións específicas de documentación non deberán incorporar a análise de comparabilidade a que se refire o artigo 17 deste regulamento.

6. Para efectos do disposto no artigo 18.13 da Lei do imposto, constitúen distintos conxuntos de datos as informacións a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º e 3.º da letra a), os ordinais 3.º, 4.º e 7.º da letra b), os ordinais 1.º, 2.º e 3.º da letra c) do punto 1, así como a información a que se refire o punto 2 deste artigo. Para estes mesmos efectos, terá a consideración de dato cada unha das informacións a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º, 5.º e 6.º da letra b) do punto 1 deste artigo e as letras a), b), c) e d) do punto 4 deste artigo.

CAPÍTULO VI

Regras de valoración e procedemento de comprobación de operacións vinculadas

Sección 1.ª Determinación do valor de mercado das operacións vinculadas. Regras específicas

Artigo 17. Determinación do valor de mercado das operacións vinculadas: análise de comparabilidade.

1. Para os efectos de determinar o valor de mercado que terían acordado persoas ou entidades independentes en condicións que respecten o principio de libre competencia a que se refire o punto 1 do artigo 18 da Lei do imposto, compararanse as circunstancias das operacións vinculadas coas circunstancias de operacións entre persoas ou entidades independentes que poidan ser equiparables.

Para iso deberán terse en conta as relacións entre as persoas ou entidades vinculadas e as condicións das operacións que se van comparar atendendo á natureza das operacións e á conduta das partes.

2. Para determinar se dúas ou máis operacións son equiparables teranse en conta, na medida en que sexan relevantes e que o contribuínte puidese dispor razoablemente de información sobre elas, as seguintes circunstancias:

a) As características específicas dos bens ou servizos obxecto das operacións vinculadas.

b) As funcións asumidas polas partes en relación coas operacións obxecto de análise, identificando os riscos asumidos e ponderando, de ser o caso, os activos utilizados.

c) Os termos contractuais dos cales, de ser o caso, deriven as operacións tendo en conta as responsabilidades, riscos e beneficios asumidos por cada parte contratante.

d) As circunstancias económicas que poidan afectar as operacións vinculadas, en particular, as características dos mercados en que se entregan os bens ou se prestan os servizos.

e) As estratexias empresariais.

Así mesmo, para os efectos de determinar o valor de mercado que terían acordado persoas ou entidades independentes en condicións que respecten o principio de libre competencia, tamén se deberá ter en conta calquera outra circunstancia que sexa relevante e sobre a cal o contribuínte puidese dispor razoablemente de información como, entre outras, a existencia de perdas, a incidencia das decisións dos poderes públicos, a existencia de aforros de localización, de grupos integrados de traballadores ou de sinerxías.

En todo caso, deberán indicarse os elementos de comparación internos ou externos que se deban ter en consideración.

3. Cando as operacións vinculadas que realice o contribuínte se encontren estreitamente ligadas entre si, fosen realizadas de forma continua ou afecten un conxunto de produtos ou servizos moi similares, de maneira que a súa valoración independente non resulte adecuada, a análise de comparabilidade a que se refire o punto anterior efectuarase tendo en conta o conxunto das ditas operacións.

4. Dúas ou máis operacións son equiparables cando non existan entre elas diferenzas significativas nas circunstancias a que se refire o punto 2 anterior que afecten o prezo do ben ou servizo ou a marxe da operación, ou cando, existindo diferenzas, poidan eliminarse efectuando os axustes de comparabilidade necesarios.

5. A análise de comparabilidade prevista neste artigo forma parte da documentación a que se refire o artigo 16 deste regulamento e cumpre a obrigaición prevista no ordinal 3.º da letra b) do punto 1 do citado artigo.

6. O grao de comparabilidade, a natureza da operación e a información sobre as operacións equiparables constitúen os principais factores que determinarán, en cada caso, de acordo co disposto no punto 4 do artigo 18 da Lei do imposto, o método de valoración máis adecuado.

7. Cando, malia non existiren datos suficientes, se puidese determinar un rango de valores que cumpra razoablemente o principio de libre competencia, tendo en conta o proceso de selección de comparables e as limitacións da información dispoñible, poderanse utilizar medidas estatísticas para minimizar o risco de erro provocado por defectos na comparabilidade.

Artigo 18. *Requisitos dos acordos de repartición de custos subscritos entre persoas ou entidades vinculadas.*

Para efectos do previsto no punto 7 do artigo 18 da Lei do imposto, os acordos de repartición de custos de bens e servizos subscritos polo contribuínte deberán incluír a identificación das demais persoas ou entidades participantes, nos termos previstos na letra a) do punto 1 do artigo 16 deste regulamento, o ámbito das actividades e proxectos específicos cubertos polos acordos, a súa duración, criterios para cuantificar a repartición dos beneficios esperados entre os partícipes, a forma de cálculo das súas respectivas achegas, especificación das tarefas e responsabilidades dos partícipes, consecuencias da adhesión ou retirada dos partícipes, así como calquera outra disposición que prevexa adaptar os termos do acordo para reflectir unha modificación das circunstancias económicas.

Sección 2.ª Comprobación das operacións vinculadas

Artigo 19. *Comprobación das operacións vinculadas.*

1. Cando a comprobación das operacións vinculadas non sexa o obxecto único da regularización que proceda practicar no procedemento de inspección en que se leve a cabo, a proposta de liquidación que derive dela documentarase nunha acta distinta das que se deban formalizar polos demais elementos da obrigaición tributaria. Nesa acta xustificarse a regularización que resulte por aplicación do artigo 18 da Lei do imposto. A liquidación derivada desta acta terá carácter provisional de acordo co establecido no artigo 101.4.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Se o contribuínte interpón recurso ou reclamación contra a liquidación provisional practicada como consecuencia da regularización practicada, notificaráselles tal liquidación e a existencia do procedemento revisor ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas co obxecto de que poidan comparecer no procedemento, de conformidade co disposto nos artigos 223.3 e 232.3 da Lei 58/2003.

Transcorridos os prazos oportunos sen que o contribuínte interpoña recurso ou reclamación, notificaráselles a liquidación provisional practicada ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas para que aquelas que o desexen poidan optar, de forma conxunta, por interpor o oportuno recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa.

3. Unha vez que a liquidación practicada ao contribuínte adquirise firmeza, a Administración tributaria regularizará de oficio a situación tributaria das demais persoas ou entidades vinculadas, salvo que estas xa efectuasen a referida regularización con carácter previo. A regularización realizarase mediante a práctica dunha liquidación ou, de ser o caso, dunha autoliquidación ou dunha liquidación derivada dunha solicitude de rectificación da autoliquidación correspondente ao último período impositivo cuxo prazo de declaración e ingreso finalizase no momento en que se produza tal firmeza. Tratándose de impostos en que non exista período impositivo, a dita regularización realizarase mediante a práctica dunha liquidación correspondente ao momento en que se produza a firmeza da liquidación ou, de ser o caso, dunha autoliquidación ou dunha liquidación derivada dunha solicitude de rectificación da autoliquidación practicada ao contribuínte.

No caso de impostos en que existen períodos impositivos, esta regularización deberá comprender todos aqueles que estean afectados pola corrección levada a cabo pola Administración tributaria, derivada da comprobación da operación vinculada.

A regularización incluírá, de ser o caso, os correspondentes xuros de demora calculados desde a finalización do prazo establecido para a presentación da autoliquidación de cada un dos períodos impositivos en que a operación vinculada producise efectos ou, se a regularización der lugar a unha devolución e a autoliquidación se presentou fóra de prazo desde a data da presentación extemporánea da autoliquidación.

Os xuros calcularanse até a data en que se practica a liquidación ou, de ser o caso, a autoliquidación, correspondente ao período impositivo en que a regularización desa operación é eficaz fronte ás demais persoas ou entidades vinculadas, de acordo co establecido no artigo 18.12.3.º da Lei do imposto, e no primeiro parágrafo deste punto.

A regularización realizada pola Administración tributaria deberá ser tida en conta polos contribuíntes nas declaracións que se presenten tras a firmeza da liquidación, cando a operación vinculada produza efectos nelas.

Para a práctica da liquidación anterior, os órganos de inspección poderán exercer as facultades previstas no artigo 142 da Lei 58/2003 e realizar as actuacións de obtención de información que consideren necesarias.

As persoas ou entidades afectadas que poidan invocar un tratado ou convenio que pasase a formar parte do ordenamento interno poderán acudir ao procedemento amigable ou ao procedemento arbitral para eliminar a posible dobre imposición xerada pola corrección, de acordo co disposto no ordinal 5.º do punto 12 do artigo 18 da Lei do imposto.

Sección 3.ª Restitución patrimonial

Artigo 20. Restitución patrimonial derivada das diferenzas entre o valor convido e o valor de mercado das operacións vinculadas.

1. Naquelas operacións nas cales o valor convido sexa distinto do valor de mercado, a diferenza entre ambos os valores terá para as persoas ou entidades vinculadas o tratamento fiscal que corresponda á natureza das rendas postas de manifesto como consecuencia da existencia da dita diferenza, de acordo co establecido no artigo 18.11 da Lei do imposto.

2. Non se aplicará o disposto no punto anterior cando se proceda á restitución patrimonial entre as persoas ou entidades vinculadas. Para iso, o contribuínte deberá

xustificar esa restitución antes de que se dite a liquidación que inclúa a aplicación do sinalado no punto anterior.

CAPÍTULO VII

Acordos previos de valoración de operacións entre persoas ou entidades vinculadas

Sección 1.ª Acordos previos de valoración de operacións entre persoas ou entidades vinculadas

Artigo 21. Actuacións previas.

1. As persoas ou entidades vinculadas que pretendan solicitar á Administración tributaria que determine o valor de mercado das operacións efectuadas entre elas, en condicións que respecten o principio de libre competencia, poderán presentar unha solicitude previa, cuxo contido será o seguinte:

- a) Identificación das persoas ou entidades que vaian realizar as operacións.
- b) Descrición sucinta das operacións obxecto deste.
- c) Elementos básicos da proposta de valoración que se pretenda formular.

2. A Administración tributaria analizará a solicitude previa, para o que poderá solicitar dos interesados as aclaracións pertinentes, e comunicará aos interesados a viabilidade ou non do acordo previo de valoración.

Artigo 22. Inicio do procedemento.

1. As persoas ou entidades vinculadas poderán solicitar á Administración tributaria un acordo previo de valoración das operacións entre persoas ou entidades vinculadas con carácter previo á realización destas, sen prexuízo do establecido no artigo 25.8 deste regulamento.

A dita solicitude poderá comprender a determinación do valor de mercado das rendas estimadas por operacións realizadas por un contribuínte cun establecemento permanente no estranxeiro, naqueles supostos en que así estea establecido nun convenio para evitar a dobre imposición internacional que lle resulte de aplicación.

Á solicitude xuntaráse unha proposta que se fundamentará no principio de libre competencia e que conterá unha descrición do método e da análise seguida para determinar o valor de mercado.

A solicitude deberá ser subscrita polas persoas ou entidades solicitantes, que deberán acreditar ante a Administración que as demais persoas ou entidades vinculadas que vaian realizar as operacións cuxa valoración se solicita coñecen e aceptan a solicitude de valoración.

2. Á solicitude deberáse xuntar a documentación a que se refiren os artigos 15 e 16 deste regulamento, en canto resulte aplicable á proposta de valoración, e adaptarse ás circunstancias do caso.

Artigo 23. Réxime da documentación presentada.

1. A documentación presentada unicamente terá efectos en relación co procedemento regulado neste capítulo e será exclusivamente utilizada respecto del.

2. O previsto nos artigos anteriores non eximirá os contribuíntes das obrigacións que lles incumben de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou noutra disposición, en canto o seu cumprimento poida afectar a documentación referida no artigo 21 deste regulamento.

3. Nos casos de desistencia, caducidade ou desestimación da proposta procederase á devolución da documentación achegada.

Artigo 24. *Tramitación.*

A Administración tributaria examinará a proposta xunto coa documentación presentada. Para estes efectos, poderá requirir aos contribuíntes cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre ela.

Artigo 25. *Terminación e efectos do acordo.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:
 - a) Aprobar a proposta de valoración presentada polo contribuínte
 - b) Aprobar, coa aceptación do contribuínte, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.
 - c) Desestimar a proposta de valoración formulada polo contribuínte.
2. O acordo previo de valoración formalizarase nun documento que incluirá, ao menos:
 - a) Lugar e data da súa formalización.
 - b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos contribuíntes a que se refire a proposta.
 - c) Conformidade dos contribuíntes co contido do acordo.
 - d) Descrición das operacións a que se refire a proposta.
 - e) Elementos esenciais do método de valoración e valor ou intervalo de valores que derivan del.
 - f) Períodos impositivos ou de liquidación a que será aplicable o acordo e data da súa entrada en vigor.
 - g) Asuncións críticas cuxo acaecemento condiciona a aplicabilidade do acordo nos termos recollidos no dito acordo.
3. Na desestimación da proposta de valoración incluírase, xunto coa identificación dos contribuíntes, os motivos polos cales a Administración tributaria desestima a proposta.
4. O procedemento deberá finalizar no prazo de seis meses. Transcorrido ese prazo sen se ter notificado a resolución expresa, a proposta poderá entenderse desestimada.
5. A Administración tributaria e os contribuíntes deberán aplicar o que resulte da proposta aprobada.
6. A Administración tributaria poderá comprobar que os feitos e as operacións descritos na proposta aprobada se corresponden cos efectivamente habidos e que a proposta aprobada foi correctamente aplicada.

Cando da comprobación resulte que os feitos e as operacións descritos na proposta aprobada non se corresponden coa realidade, ou que a proposta aprobada non foi aplicada correctamente, a Inspección dos Tributos procederá a regularizar a situación tributaria dos contribuíntes.
7. A desistencia de calquera dos contribuíntes determinará a terminación do procedemento.
8. O acordo producirá efectos respecto das operacións realizadas con posterioridade á data en que se aprobe e terá validez durante os períodos impositivos que se concreten no propio acordo, sen que poida exceder os catro períodos impositivos seguintes ao vixente na data de aprobación do acordo.

Así mesmo, poderá determinarse que os seus efectos alcancen as operacións realizadas en períodos impositivos anteriores, sempre que non prescribise o dereito da Administración a determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación nin houberse liquidación firme que recaía sobre as operacións obxecto de solicitude.

Artigo 26. *Recursos.*

A resolución que poña fin ao procedemento ou o acto presunto desestimatorio non serán impugnables, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que no seu día se diten.

Artigo 27. *Órganos competentes.*

Será competente para instruír, resolver e, en caso de modificación do acordo, iniciar o procedemento o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

Artigo 28. *Información sobre a aplicación do acordo para a valoración das operacións efectuadas con persoas ou entidades vinculadas.*

Conxuntamente coa declaración do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, os contribuíntes presentarán un escrito relativo á aplicación do acordo previo de valoración aprobado, cuxo contido deberá comprender, entre outra, a seguinte información:

- a) Operacións realizadas no período impositivo ou de liquidación a que se refire a declaración ás cales foi de aplicación o acordo previo.
- b) Prezos ou valores a que foron realizadas as operacións anteriores como consecuencia da aplicación do acordo previo.
- c) Descrición, se as houber, das variacións significativas das circunstancias económicas existentes no momento da aprobación do acordo previo de valoración.
- d) Operacións efectuadas no período impositivo ou de liquidación similares a aquelas a que se refire o acordo previo, prezos polos cales foron realizadas e descrición das diferenzas existentes respecto das operacións comprendidas no ámbito do acordo previo.
- e) Aquele que se determine no propio acordo.

Non obstante, nos acordos asinados con outras administracións, a documentación que deberá presentar o contribuínte anualmente será a que derive do propio acordo.

Artigo 29. *Modificación do acordo previo de valoración.*

1. No suposto de variación significativa das circunstancias económicas ou tecnolóxicas existentes no momento da aprobación do acordo previo de valoración, este poderá ser modificado para adecualo ás novas circunstancias económicas. O procedemento de modificación poderá iniciarse de oficio ou por instancia dos contribuíntes.

2. A solicitude de modificación deberá ser subscrita polas persoas ou entidades solicitantes, que deberán acreditar ante a Administración que as demais persoas ou entidades vinculadas que vaian realizar as operacións cuxa valoración se solicita coñecen e aceptan a solicitude de modificación, e deberá conter a seguinte información:

- a) Xustificación da variación significativa das circunstancias económicas.
- b) Modificación que, a teor desa variación, resulta procedente.

A desistencia de calquera das persoas ou entidades afectadas determinará a terminación do procedemento de modificación.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada e logo de audiencia dos contribuíntes, que disporán para o efecto dun prazo de 15 días, ditará resolución motivada, que poderá:

- 1.º Aprobar a modificación formulada polo contribuínte.
- 2.º Aprobar, coa aceptación do contribuínte, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.

3.º Desestimar a modificación formulada polo contribuínte, confirmando ou deixando sen efecto o acordo previo de valoración inicialmente aprobado.

3. Cando o procedemento de modificación fose iniciado pola Administración tributaria, o contido da proposta notificaráselles aos contribuíntes, que disporán dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da proposta para:

- a) Aceptar a modificación.
- b) Formular unha modificación alternativa, debidamente xustificada.
- c) Rexeitar a modificación, expresando os motivos en que se fundamenta.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada, ditará resolución motivada, que poderá:

- 1.º Aprobar a modificación, se os contribuíntes a aceptaron.
- 2.º Aprobar, coa aceptación dos contribuíntes, unha modificación alternativa.
- 3.º Deixar sen efecto o acordo polo cal se aprobou a proposta inicial de valoración.
- 4.º Declarar a continuación da aplicación da proposta de valoración inicial.

4. No caso de mediar un acordo con outra Administración tributaria, a modificación do acordo previo de valoración requirirá a modificación previa do acordo alcanzado coa dita Administración. Para tal efecto, seguirase o procedemento previsto no artigo 31 e seguintes deste regulamento.

5. O procedemento deberá finalizarse no prazo de seis meses. Transcorrido ese prazo sen se ter notificado unha resolución expresa, a proposta de modificación poderá entenderse desestimada.

6. A resolución que poña fin ao procedemento de modificación ou o acto presunto desestimatorio non serán impugnables, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que se poidan ditar.

7. A aprobación da modificación terá os efectos previstos no artigo 25 deste regulamento, en relación coas operacións que se realicen con posterioridade á solicitude de modificación ou, de ser o caso, á comunicación de proposta de modificación.

8. A resolución pola que se deixe sen efecto o acordo previo de valoración inicial determinará a extinción dos efectos previstos no artigo 25 deste regulamento, en relación coas operacións que se realicen con posterioridade á solicitude de modificación ou, de ser o caso, á comunicación de proposta de modificación.

9. A desestimación da modificación formulada polos contribuíntes determinará:

- a) A confirmación dos efectos previstos no artigo 25 deste regulamento, cando non quede probada a variación significativa das circunstancias económicas.
- b) A extinción dos efectos previstos no artigo 25 deste regulamento, respecto das operacións que se realicen con posterioridade á solicitude de modificación, nos demais casos.

Artigo 30. *Prórroga do acordo previo de valoración.*

1. Os contribuíntes poderán solicitar á Administración tributaria que se prorrogue o prazo de validez do acordo de valoración que fose aprobado. Esta solicitude deberase presentar antes dos seis meses previos á finalización do dito prazo de validez e xuntaráselle a documentación que consideren conveniente para xustificar que as circunstancias postas de manifesto na solicitude orixinal non variaron.

2. A solicitude de prórroga do acordo previo de valoración deberá ser subscribida polas persoas ou entidades que subscribiron o acordo previo cuxa prórroga se solicita, e deberán acreditar ante a Administración que as demais persoas ou entidades vinculadas que vaian realizar as operacións coñecen e aceptan a solicitude de prórroga.

3. A Administración tributaria disporá dun prazo de seis meses para examinar a documentación a que se refire o punto 1 anterior e notificar aos contribuíntes a prórroga ou

non do prazo de validez do acordo de valoración previa. Para tales efectos, a Administración poderá solicitar calquera información e documentación adicional.

4. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior sen ter notificado a prórroga do prazo de validez do acordo de valoración previa, a solicitude poderase considerar desestimada.

5. A resolución pola cal se acorde a prórroga do acordo ou o acto presunto desestimatorio non serán impugnables, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que se poidan ditar.

Sección 2.^a Acordos previos de valoración de operacións vinculadas con outras administracións tributarias

Artigo 31. Procedemento para o acordo sobre operacións vinculadas con outras administracións tributarias.

O procedemento para a celebración de acordos con outras administracións tributarias rexeráse polas normas previstas neste capítulo coas especialidades establecidas nos artigos 32 a 36 deste regulamento.

Artigo 32. Inicio do procedemento.

1. No caso de que os contribuíntes soliciten que a proposta formulada se someta á consideración doutras administracións tributarias do país ou territorio en que residan as persoas ou entidades vinculadas, a Administración tributaria valorará a procedencia de iniciar tal procedemento. A desestimación do inicio do procedemento deberá ser motivada e non poderá ser impugnada.

2. Cando a Administración tributaria, no curso dun procedemento previo de valoración, considere oportuno someter o asunto á consideración doutras administracións tributarias que poidan resultar afectadas, porao en coñecemento das persoas ou entidades vinculadas. A aceptación por parte do contribuínte será requisito previo á comunicación á outra Administración.

3. O contribuínte deberá presentar a solicitude de inicio xunto coa documentación prevista no artigo 22 deste regulamento.

Artigo 33. Tramitación.

1. No curso das relacións con outras administracións tributarias, as persoas ou entidades vinculadas estarán obrigados a facilitar cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta de valoración.

Os contribuíntes poderán participar nas actuacións encamiñadas a concretar o acordo, cando así o conveñan os representantes de ambas as administracións tributarias.

2. A proposta de acordo das administracións tributarias porase en coñecemento dos suxeitos interesados, cuxa aceptación será un requisito previo á sinatura do acordo entre as administracións implicadas.

A oposición á proposta de acordo determinará a desestimación da proposta de valoración.

Artigo 34. Resolución.

En caso de aceptación da proposta de acordo, o órgano competente subscribirá o acordo coas outras administracións tributarias e darase traslado dunha copia deste aos interesados.

Artigo 35. Órganos competentes.

Será competente para iniciar, informar, instruír o procedemento, establecer as relacións pertinentes coas administracións a que se refire o artigo anterior, resolver o procedemento e

subscribir o acordo coa outra Administración tributaria o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

Artigo 36. *Solicitud doutra Administración tributaria.*

Cando outra Administración tributaria solicite á Administración tributaria a iniciación dun procedemento dirixido a subscribir un acordo para a valoración de operacións realizadas entre persoas ou entidades vinculadas, observaranse as regras previstas nos artigos anteriores en canto resulten de aplicación.

CAPÍTULO VIII

Documentación das operacións con persoas ou entidades non vinculadas residentes en paraísos fiscais

Artigo 37. *Documentación das operacións con persoas ou entidades non vinculadas residentes en paraísos fiscais.*

Para efectos do previsto no artigo 19.2 da Lei do imposto, aqueles que realicen operacións con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais estarán obrigados a manter á disposición da Administración tributaria a documentación específica prevista no capítulo V do título I deste regulamento, coas seguintes especialidades:

a) Non será de aplicación o establecido na letra d) do artigo 13.3 deste regulamento.
b) Deberase manter a documentación relativa a todas as operacións realizadas con persoas ou entidades vinculadas que residan nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal, excepto que residan nun Estado membro da Unión Europea ou en Estados integrantes do Espazo Económico Europeo cos cales exista un efectivo intercambio de información en materia tributaria nos termos previstos no punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e o contribuínte acredite que as operacións responden a motivos económicos válidos e que esas persoas ou entidades realizan actividades económicas.

c) A documentación a que se refire o artigo 16.1.a) deste regulamento deberá comprender, adicionalmente, cando se trate de operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, a identificación das persoas que, en nome de tales persoas ou entidades, interviñesen na operación e, en caso de que se trate de operacións con entidades, a identificación dos seus administradores.

Para efectos do disposto no artigo 18.13 da Lei do imposto, terá a consideración de dato cada unha das persoas e administradores a que se refire esta letra.

d) Ás operacións con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, que non teñan a consideración de persoas ou entidades vinculadas nos termos establecidos no artigo 18 da Lei do imposto, non lles será exigible a documentación específica do contribuínte prevista no artigo 16 deste regulamento respecto de servizos e compravendas internacionais de mercadorías, incluídas as comisións de mediación nestas, así como os gastos accesorios e conexos, cando se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que o contribuínte probe que a realización da operación a través dun país ou territorio considerado como paraíso fiscal responde á existencia de motivos económicos válidos.

2.º Que o contribuínte realice operacións equiparables con persoas ou entidades non vinculadas que non residan en países ou territorios considerados como paraísos fiscais e acredite que o valor convido da operación se corresponde co valor convido nas ditas operacións equiparables, unha vez efectuadas, de ser o caso, as correspondentes correccións que resulten necesarias.

CAPÍTULO IX

Valoración previa de gastos correspondentes a proxectos de investigación científica ou de innovación tecnolóxica

Artigo 38. *Valoración previa de gastos correspondentes a proxectos de investigación científica ou de innovación tecnolóxica.*

1. As persoas ou entidades que teñan o propósito de realizar actividades de investigación científica ou de innovación tecnolóxica poderán solicitar á Administración tributaria a valoración, conforme as regras do imposto sobre sociedades e, con carácter previo e vinculante, dos gastos correspondentes a tales actividades que consideren susceptibles de gozar da dedución a que se refire o artigo 35 da Lei do imposto.

2. A solicitude deberase presentar por escrito antes de efectuar os gastos correspondentes e conterá, como mínimo, o seguinte:

- a) Identificación da persoa ou entidade solicitante.
- b) Identificación e descrición do proxecto de investigación científica ou innovación tecnolóxica a que se refire a solicitude, indicando as actividades concretas que se efectuarán, os gastos en que se incurrirá para a súa execución e o período de tempo en que se realizarán tales actividades.
- c) Proposta de valoración dos gastos que se realizarán, expresando a regra de valoración aplicada e as circunstancias económicas que se tomaron en consideración.

3. A Administración tributaria examinará a documentación referida no punto anterior e poderá requirir ao solicitante cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa solicitude. Tanto a Administración tributaria como o solicitante poderán solicitar ou achegar informes periciais que versen sobre o contido da proposta de valoración. Así mesmo, poderán propor a práctica das probas que entendan pertinentes por calquera dos medios admitidos en dereito.

4. Unha vez instruído o procedemento e con anterioridade á redacción da proposta de resolución, a Administración tributaria porao de manifesto ao solicitante, xunto co contido e as conclusións das probas efectuadas e os informes solicitados, para que poida formular as alegacións e presentar os documentos e xustificantes que coide pertinentes no prazo de 15 días.

5. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:
- a) Aprobar a proposta formulada inicialmente polo contribuínte.
 - b) Aprobar, coa aceptación do contribuínte, outra proposta de valoración que difira da inicialmente presentada
 - c) Desestimar a proposta formulada polo contribuínte.
6. A resolución será motivada e, no caso de que sexa aprobatoria, conterá, ao menos:
- a) Lugar e data da súa formalización
 - b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do contribuínte.
 - c) Conformidade do contribuínte coa valoración realizada.
 - d) Descrición da operación a que se refire a proposta.
 - e) Valoración realizada pola Administración tributaria conforme as normas do imposto sobre sociedades, con indicación dos gastos e das actividades concretas a que se refire, así como do método de valoración utilizado, con indicación dos seus elementos esenciais.
 - f) Prazo de vixencia da valoración e data da súa entrada en vigor.

7. O procedemento deberá finalizar no prazo máximo de seis meses, contados desde a data en que a proposta tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente ou desde a data da súa emenda por requirimento da Administración tributaria.

A falta de contestación da Administración tributaria nos prazos indicados implicará a aceptación dos valores propostos polo contribuínte.

8. A resolución que se dite non será impugnabile, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que se efectúen como consecuencia da aplicación dos valores establecidos na resolución.

9. A Administración tributaria deberá aplicar a valoración dos gastos que resulte da resolución durante o seu prazo de vixencia, sempre que non se modifique a lexislación ou varíen significativamente as circunstancias económicas que fundamentaron tal valoración.

10. A documentación achegada polo solicitante unicamente terá efectos en relación con este procedemento. Os funcionarios que interveñan no procedemento deberán gardar xilgo rigoroso e observar estrito segredo respecto dos documentos e demais información que coñezan no curso deste.

11. O órgano competente para informar, instruír e resolver o procedemento será o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

CAPÍTULO X

Acordos previos de valoración ou de cualificación e valoración de rendas procedentes de determinados activos intanxibles

Artigo 39. *Inicio do procedemento.*

1. As persoas ou entidades que teñan o propósito de realizar as operacións susceptibles de se acoller á redución recollida no artigo 23 da Lei do imposto poderán solicitar á Administración tributaria un acordo previo de valoración dos ingresos procedentes da cesión dos activos a que se refire o punto 1 do dito artigo e dos gastos asociados a eles, así como das rendas xeradas na transmisión, ou un acordo previo de cualificación e valoración que comprenderá a cualificación dos activos como pertencentes a algunha das categorías a que se refire o punto 1 do dito artigo, e a valoración dos ingresos e gastos asociados a eles, así como das rendas xeradas na transmisión.

2. A solicitude deberase presentar por escrito, con carácter previo á realización das operacións que motiven a aplicación da redución do artigo 23 da Lei do imposto, e conterá, como mínimo, o seguinte:

- a) Identificación da persoa ou entidade solicitante e das persoas ou entidades cesionarias.
- b) Descrición do activo que pretende ser obxecto de cesión ou transmisión.
- c) De ser o caso, descrición do dereito de uso ou explotación que se pretende establecer e duración deste.
- d) No procedemento de cualificación e valoración, cualificación motivada dos activos para os efectos do artigo 23 da Lei do imposto.
- e) Proposta de valoración dos ingresos e dos gastos asociados á cesión do activo, ou das rendas xeradas na súa transmisión con indicación do valor de adquisición e transmisión, expresando o método ou criterio de valoración aplicado e as circunstancias económicas que se tomaron en consideración.
- f) Demais datos, elementos e documentos que poidan contribuír á formación de xuízo por parte da Administración tributaria.

3. Poderase acordar motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a proposta de valoración, ou de cualificación e valoración que se pretende formular careza manifestamente de fundamento para determinar o valor dos ingresos procedentes da cesión dos activos e dos gastos asociados, ou ben das rendas xeradas na transmisión, ou a cualificación do activo como apto.

b) Que se desestimasesen propostas de valoración, ou de cualificación e valoración substancialmente iguais á proposta que se pretende formular.

4. A documentación presentada unicamente terá efectos en relación co procedemento regulado neste capítulo e será exclusivamente utilizada respecto del.

5. O previsto nos puntos anteriores non eximirá os contribuíntes das obrigacións que lles incumben de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou noutra disposición.

6. Nos casos de desistencia, arquivamento, inadmisión ou desestimación da proposta procederase á devolución da documentación achegada.

Artigo 40. *Tramitación.*

1. A Administración tributaria examinará a solicitude xunto coa documentación presentada. Para estes efectos, poderá requirir aos contribuíntes, en calquera momento, cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre ela.

2. No procedemento do acordo previo de cualificación e valoración, o órgano competente para instruír deberá solicitar informe vinculante á Dirección Xeral de Tributos, en relación coa cualificación dos activos para efectos da aplicación da redución do artigo 23 da Lei do imposto. En caso de estimalo procedente, a Dirección Xeral de Tributos poderá solicitar opinión non vinculante ao respecto ao Ministerio de Economía e Competitividade.

A Dirección Xeral de Tributos emitirá o informe, que se comunicará ao órgano solicitante no prazo máximo de tres meses. Este prazo non computará no prazo máximo establecido no punto 6 do artigo 41 deste regulamento.

Artigo 41. *Terminación e efectos do acordo.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento do acordo previo de valoración poderá:

- a) Aprobar a proposta de valoración presentada polo contribuínte.
- b) Aprobar, coa aceptación do contribuínte, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.
- c) Desestimar a proposta de valoración formulada polo contribuínte.

2. A resolución que poña fin ao procedemento do acordo previo de cualificación e valoración poderá:

- a) Cualificar os activos como non aptos para os efectos do artigo 23 da Lei do imposto.
- b) Cualificar os activos como aptos e aprobar a proposta de valoración formulada inicialmente polo contribuínte.
- c) Cualificar os activos como aptos e aprobar outra proposta alternativa, coa aceptación do contribuínte.
- d) Cualificar os activos como aptos e desestimar a proposta de valoración formulada polo contribuínte.

3. O acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración, terá carácter vinculante e formalizarase nun documento que incluírá, ao menos:

- a) Lugar e data da súa formalización.
- b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do contribuínte.
- c) Conformidade do contribuínte co contido do acordo.
- d) Descrición da operación a que se refire a proposta.
- e) No caso do acordo previo de cualificación e valoración, cualificación motivada dos activos para os efectos do artigo 23 da Lei do imposto.
- f) Valoración que derive do acordo, con indicación dos elementos esenciais do método de valoración empregado, así como as circunstancias económicas que se deban entender básicas para a súa aplicación.
- g) Prazo de vixencia do acordo e data da súa entrada en vigor.

4. Na desestimación da proposta de valoración ou de cualificación e valoración inclúranse, xunto coa identificación do contribuínte, os motivos polos cales a Administración tributaria a desestima.

5. A desistencia do solicitante determinará a terminación do procedemento.

6. O procedemento deberá finalizar no prazo máximo de seis meses. Transcorrido ese prazo sen se ter notificado a resolución expresa, a proposta poderase entender desestimada.

7. A Administración tributaria e o contribuínte deberán aplicar a valoración e, de ser o caso, a cualificación, que resulte da resolución, durante o seu prazo de vixencia, sempre que non varíen significativamente as circunstancias económicas que fundamentaron tal cualificación e valoración.

8. A Administración tributaria poderá comprobar que os feitos e operacións descritos na proposta aprobada se corresponden cos efectivamente habidos e que a proposta aprobada foi correctamente aplicada. Cando da comprobación resulte que os feitos e operacións descritos na proposta aprobada non se corresponden coa realidade, ou que a proposta aprobada non foi aplicada correctamente, a Inspección dos Tributos procederá a regularizar a situación tributaria dos contribuíntes.

9. A resolución que poña fin ao procedemento ou o acto presunto desestimatorio non serán impugnables, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que no seu día se diten.

Artigo 42. *Órgano competente.*

Será competente para instruír, resolver e, no caso de modificación do acordo, iniciar o procedemento a que se refire este capítulo o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

Artigo 43. *Modificación do acordo previo de valoración ou de cualificación e valoración.*

1. No suposto de variación significativa das circunstancias económicas que determinaron a valoración, existentes no momento da aprobación do acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración, este poderá ser modificado para adecualo ás novas circunstancias económicas. O procedemento de modificación poderá iniciarse de oficio ou por instancia dos contribuíntes.

2. A solicitude de modificación deberá ser subscriuída pola persoa ou entidade solicitante e deberá conter a seguinte información:

- a) Xustificación da variación significativa das circunstancias económicas.
- b) Modificación da valoración que, a teor da dita variación, resulta procedente.

A desistencia do solicitante determinará a terminación do procedemento.

A Administración tributaria poderá requirir aos contribuíntes, en calquera momento, cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre ela.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada e logo de audiencia do contribuínte, que disporá para o efecto dun prazo de 15 días, ditará resolución motivada, que poderá:

- 1.º Aprobar a modificación de valoración formulada polo contribuínte.
- 2.º Aprobar, coa aceptación do contribuínte, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.
- 3.º Desestimar a modificación formulada polo contribuínte, confirmando ou deixando sen efecto a proposta de valoración inicialmente aprobada. Non obstante, non afectará a cualificación dos activos, realizada no acordo previo de cualificación e valoración inicial.

3. Cando o procedemento de modificación fose iniciado pola Administración tributaria, o contido da proposta notificaráselle ao contribuínte, que disporá dun prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, para:

- a) Aceptar a modificación.
- b) Formular unha modificación alternativa, debidamente xustificada.
- c) Rexeitar a modificación, expresando os motivos en que se fundamenta.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada, ditará resolución motivada, que poderá:

- 1.º Aprobar a modificación, se o contribuínte a aceptou.
- 2.º Aprobar a modificación alternativa formulada polo contribuínte.
- 3.º Deixar sen efecto o acordo polo cal se aprobou a proposta inicial de valoración, sen que afecte a cualificación dos activos no suposto dun acordo previo de cualificación e valoración inicial.
- 4.º Declarar a continuación da aplicación da proposta de valoración inicial.

4. O procedemento deberá finalizarse no prazo de seis meses. Transcorrido ese prazo sen se ter notificado unha resolución expresa, a proposta de modificación poderase entender desestimada.

5. A resolución que poña fin ao procedemento de modificación non será impugnabile, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que se poidan ditar.

6. A aprobación da modificación terá os efectos previstos no artigo 41 deste regulamento desde a solicitude da modificación ou, de ser o caso, desde a comunicación de proposta de modificación.

7. A resolución pola cal se deixe sen efecto o acordo previo de valoración inicial, ou de cualificación e valoración inicial en relación coa valoración, determinará, respecto desta, a extinción dos efectos previstos no artigo 41 deste regulamento desde a solicitude da modificación ou, de ser o caso, desde a comunicación de proposta de modificación.

8. A desestimación da modificación formulada polo contribuínte determinará:

- a) A confirmación dos efectos previstos no artigo 41 deste regulamento, cando non quede probada a variación significativa das circunstancias económicas.
- b) A extinción dos efectos previstos no artigo 41 deste regulamento, desde a desestimación.

Artigo 44. Prórroga do acordo previo de valoración ou do acordo previo de cualificación e valoración.

1. O contribuínte poderá solicitar á Administración tributaria que se prorrogue o prazo de validez do acordo de valoración, ou de cualificación e valoración, que fose aprobado. Esta solicitude deberase presentar antes dos seis meses previos á finalización do dito prazo de validez e xuntaráselle a documentación que considere conveniente para xustificar que as circunstancias postas de manifesto na solicitude orixinal non variaron.

2. A Administración tributaria disporá dun prazo de seis meses para examinar a documentación a que se refire o punto 1 anterior e notificar aos contribuíntes a prórroga ou non do prazo de validez do acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración. Para tales efectos, a Administración poderá solicitar calquera información e documentación adicional, así como a colaboración do contribuínte.

3. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior sen ter notificado a prórroga do prazo de validez do acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración, a solicitude poderase considerar desestimada.

4. A resolución pola cal se acorde ou se denegue a prórroga ou o acto presunto desestimatorio non será impugnabile, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que no seu día se poidan ditar.

TÍTULO II

Límites nas axudas derivadas da aplicación do dereito da Unión Europea

Artigo 45. *Límites da acumulación das axudas ao sector cinematográfico.*

De acordo co disposto no artigo 54.4 do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, a dedución prevista no punto 2 do artigo 36 da Lei do imposto resultará de aplicación, sempre que se teñan en conta os seguintes límites:

- a) As producións que xeren dereito á referida dedución deberán ter un custo mínimo de 2 millóns de euros.
- b) A base da dedución non poderá superar o 80 por cento do custo total da produción.

TÍTULO III

Regras de aplicación de determinados réximes especiais

CAPÍTULO I

Agrupacións de interese económico españolas e europeas, unións temporais de empresas

Artigo 46. *Obrigacións das agrupacións de interese económico, españolas e europeas, e das unións temporais de empresas.*

1. As agrupacións de interese económico, españolas e europeas, ás cales resulte de aplicación o réxime especial previsto no capítulo II do título VII da Lei do imposto, deberán presentar, conxuntamente coa súa declaración polo dito imposto, unha relación das persoas ou entidades que posúan os dereitos inherentes ou a calidade de socio ou empresa membro o último día do período impositivo, cos seguintes datos:

a) Identificación, domicilio fiscal e porcentaxe de participación dos socios ou das persoas ou entidades que posúan os dereitos económicos inherentes á calidade de socio.

b) Importe total das cantidades que se imputarán ás persoas ou entidades que posúan os dereitos inherentes ou a calidade de socio ou empresa membro que sexan residentes en territorio español ou non residentes con establecemento permanente nel, relativas aos seguintes conceptos:

- 1.º Resultado contable.
- 2.º Gastos financeiros netos non deducidos pola entidade.
- 3.º Reserva de capitalización non aplicada pola entidade.
- 4.º Base imponible, minorada ou incrementada, de ser o caso, nas cantidades derivadas da aplicación da reserva de nivelación.
- 5.º Base das deducións para evitar a dobre imposición internacional e, de ser o caso, porcentaxe de participación na entidade da cal procede a renda.
- 6.º Base das bonificacións.
- 7.º Base das deducións para incentivar a realización de determinadas actividades, así como, de ser o caso, a base da dedución por investimentos en elementos do inmovilizado material novos.
- 8.º Retencións e ingresos á conta correspondentes á agrupación de interese económico.

c) Dividendos e participacións en beneficios distribuídos con cargo a reservas, distinguindo os que correspondan a exercicios en que á entidade non lle fose aplicable o réxime especial.

2. As agrupacións de interese económico deberán notificar ás persoas ou entidades que posúan os dereitos económicos inherentes ou a calidade de socio ou empresa membro as cantidades totais que se imputarán e a imputación individual realizada cos conceptos previstos na letra b) do punto anterior, en canto sexan imputables de acordo coas normas deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Para os efectos da non tributación dos dividendos e participacións en beneficios establecida no parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 43 da Lei do imposto, as agrupacións deberán incluír na memoria das contas anuais a seguinte información:

a) Beneficios aplicados a reservas que correspondan a períodos impositivos en que tributaron en réxime xeral.

b) Beneficios aplicados a reservas que correspondan a períodos impositivos en que tributaron no réxime especial, distinguindo entre os que corresponderon a socios residentes en territorio español daqueles que corresponderon a socios non residentes en territorio español.

c) En caso de distribución de dividendos e participacións en beneficios con cargo a reservas, designación da reserva aplicada de entre as tres ás cales, pola clase de beneficios de que procedan, se refiren as letras a) e b) anteriores.

4. As mencións na memoria anual a que se refire o punto anterior deberán ser efectuadas mentres existan reservas das referidas na letra b) do dito punto, mesmo cando a entidade non tribute no réxime especial.

5. As obrigacións de información establecidas nos puntos 3 e 4 deste artigo serán tamén exixibles respecto das sucesivas entidades que posúan a titularidade das reservas referidas na letra b) do punto 3.

6. O disposto nos puntos anteriores deste artigo, na medida en que resulte de aplicación, obrigará as unións temporais de empresas suxeitas ao réxime especial previsto no capítulo II do título VII da Lei do imposto, en relación coas súas empresas membros residentes en territorio español o último día do período impositivo.

CAPÍTULO II

Réxime de consolidación fiscal

Artigo 47. Aplicación e obrigacións de información das entidades acollidas ao réxime de consolidación fiscal.

1. O exercicio da opción polo réxime de consolidación fiscal comunicárase á delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria do domicilio fiscal da entidade representante ou ás dependencias rexionais de Inspección ou á Delegación Central de Grandes Contribuíntes, cando a entidade representante estea adscrita a elas.

A comunicación conterà os seguintes datos:

a) Identificación das entidades que integran o grupo fiscal.

No caso de que a entidade dominante sexa non residente en territorio español exixírase, adicionalmente, a identificación desta.

No caso de establecementos permanentes de entidades non residentes en territorio español exixírase, adicionalmente, a identificación da entidade non residente en territorio español a que pertencen aqueles.

b) Copia dos acordos polos cales as entidades do grupo optaron polo réxime de consolidación fiscal e, no caso de que a entidade dominante sexa non residente en territorio español, documento en que se designe a entidade representante.

c) Relación da porcentaxe de participación directa ou indirecta mantida pola entidade dominante respecto de todas e cada unha das entidades que integran o grupo fiscal, porcentaxe de dereitos de voto posuídos sobre elas e a data de adquisición das respectivas participacións.

A entidade representante manifestará que se cumpren todos os requisitos establecidos no artigo 58 da Lei do imposto.

2. Os órganos administrativos referidos no punto anterior comunicarán á entidade representante o número do grupo fiscal outorgado.

3. Será competente para a comprobación e investigación das entidades integradas nos grupos que tributen no réxime de consolidación fiscal o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.

CAPÍTULO III

Réxime de fusións, escisións, achegas de activos, troca de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea

Artigo 48. Comunicación do réxime especial.

1. A realización das operacións reguladas no capítulo VII do título VII da Lei do imposto deberá ser obxecto de comunicación á Administración tributaria.

A comunicación será efectuada pola entidade adquirente das operacións, salvo que esta non sexa residente en territorio español, caso en que a comunicación a efectuará a entidade transmitente.

Non obstante, tratándose de operacións nas cales nin a entidade adquirente nin a transmitente sexan residentes en territorio español, a comunicación deberá ser efectuada polos socios da entidade transmitente, sempre que sexan residentes en territorio español. En caso contrario, a comunicación realizarase a entidade transmitente.

2. A comunicación deberase efectuar dentro do prazo dos tres meses seguintes á data de inscrición da escritura pública en que se documente a operación.

Se a inscrición non é necesaria, o prazo computarase desde a data en que se outorgue a escritura pública ou documento equivalente que corresponda á operación.

Nas operacións de cambio de domicilio social, a comunicación deberase efectuar dentro do prazo dos tres meses seguintes á data de inscrición no rexistro do Estado membro do novo domicilio social da escritura pública ou documento equivalente en que se documente a operación.

Non obstante, tratándose de operacións nas cales nin a entidade adquirente nin a transmitente sexan residentes en territorio español, a comunicación realizarase no prazo previsto para a presentación das declaracións ou autoliquidacións correspondentes aos socios da entidade transmitente, sempre que sexan residentes en territorio español. En caso contrario, aplicarase o prazo previsto no primeiro parágrafo deste punto.

3. A comunicación dirixirase á Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria do domicilio fiscal das entidades, ou establecementos permanentes se se trata de entidades non residentes que, conforme os puntos anteriores, estean obrigadas a efectualas, ou ás dependencias rexionais de Inspección ou á Delegación Central de Grandes Contribuíntes, se se trata de contribuíntes adscritos a elas.

Artigo 49. Contido da comunicación.

A comunicación deberá conter:

- a) Identificación das entidades participantes na operación e descrición desta.
- b) Copia da escritura pública ou documento equivalente que corresponda á operación.
- c) No caso de que as operacións se realizasen mediante unha oferta pública de adquisición de accións, tamén se deberá achegar copia do correspondente folleto informativo.

d) Indicación, de ser o caso, da non aplicación do réxime fiscal especial do capítulo VII do título VII da Lei do imposto.

CAPÍTULO IV

Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro

Artigo 50. *Contratos de arrendamento financeiro.*

1. O exercicio da opción establecida no punto 8 do artigo 106 da Lei do imposto será obxecto de comunicación á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. A comunicación da opción deberase realizar antes da finalización do período impositivo en que se pretenda que produza efectos.

3. A comunicación conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Identificación do activo obxecto do contrato de arrendamento financeiro.
- b) Indicación da data de inicio efectivo e fin do período de construción do activo.
- c) Determinación dos importes e do momento temporal en que se van satisfacer as cotas do contrato de arrendamento financeiro.
- d) Indicación de que os activos reúnen requisitos técnicos e de deseño singulares e que non se corresponden cunha produción en serie.

CAPÍTULO V

Réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros

Artigo 51. *Comunicación da opción e da renuncia no réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros.*

1. A opción polo réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros deberase comunicar á Administración tributaria.

2. O réxime aplicarase ao período impositivo que finalice con posterioridade á comunicación e aos sucesivos que conclúan antes de que se comuniquen á Administración tributaria a renuncia a aquel.

CAPÍTULO VI

Réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe

Artigo 52. *Ámbito de aplicación: explotación de buques.*

1. Poderán optar pola tributación por este réxime:

a) As entidades cuxo obxecto social inclúa a explotación de buques propios ou arrendados. A opción deberase referir a todos os buques, propios ou arrendados, que explote o solicitante, así como aos que se adquiran ou arrenden con posterioridade.

b) As entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques. A opción comprenderá todos os buques xestionados polo solicitante, así como os que xestione con posterioridade.

En ambos os supostos, os buques deberán cumprir os requisitos do punto 2 do artigo 113 da Lei de imposto.

2. A opción poderase estender a todos os buques tomados en fretaxe polo solicitante. Non obstante o anterior, a tonelaxe neta dos buques tomados en fretaxe non poderá superar o 75 por cento da tonelaxe total da frota da entidade ou, de ser o caso, do grupo fiscal que aplique o réxime, e quedarán excluídos deste os buques que superen o dito límite.

Artigo 53. *Procedemento de solicitude do réxime.*

1. A solicitude que, de ser o caso, deberá estar referida á totalidade dos buques explotados, ou respecto dos cales se realice a xestión técnica e de tripulación, das entidades do mesmo grupo fiscal que cumpran as condicións indicadas no artigo anterior deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Estatutos da entidade, ou proxecto destes se aínda non se constituíu.
- b) Respecto das entidades xa constituídas, certificado de inscrición da entidade no rexistro de buques e empresas navieiras ou no rexistro especial de buques e empresas navieiras e, respecto das non constituídas, proxecto de constitución ou solicitude de inscrición nos citados rexistros. Esta documentación non se lles exixirá ás entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques.
- c) Identificación e descrición das actividades das entidades respecto das cales se solicita a aplicación do réxime.
- d) Acreditación, respecto de cada buque, do título en virtude do cal se utiliza ou se utilizará, ou se leva a cabo, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación, do ámbito territorial en que se levará a cabo a súa xestión estratéxica e comercial, do seu abandeiramento e da súa afectación exclusiva ás actividades previstas no artigo 113.2.b) da Lei do imposto.
- e) No caso de sociedades xa constituídas, o último balance aprobado da entidade.
- f) Acreditación ou, no caso de entidades non constituídas, previsión do valor neto contable e do valor de mercado dos buques en que concorran as circunstancias previstas no parágrafo segundo do punto 2 do artigo 114 da Lei do imposto.
- g) No caso de entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques, documento demostrativo do cumprimento das prescricións do código CGS, expedido nos termos establecidos na prescrición 13.2 do Código internacional de xestión e para a seguridade da explotación dos buques e a prevención da contaminación, adoptado pola Organización Marítima Internacional mediante a Resolución A 741.

2. A solicitude presentarse antes da finalización do período impositivo respecto do cal se pretende que teña efectos.

3. O órgano competente para a instrución e resolución deste procedemento será a Dirección Xeral de Tributos, que poderá solicitar do contribuínte cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

Así mesmo, poderá requirir informe dos organismos competentes para verificar a existencia dunha contribución aos obxectivos da política comunitaria de transporte marítimo, especialmente no relativo ao nivel tecnolóxico dos buques que garanta a seguridade na navegación e a prevención da contaminación do ambiente e ao mantemento do emprego comunitario tanto a bordo como en tarefas auxiliares ao transporte marítimo, e para verificar a actividade realizada polas entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques. A solicitude do citado informe determinará a interrupción do prazo de resolución a que se refire o punto 5 deste artigo.

O contribuínte poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que coide pertinentes.

4. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto ao contribuínte, quen disporá dun prazo de 15 días para formular as alegacións, así como para presentar os documentos e xustificacións que considere oportunos.

5. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada e poderá:

- a) Autorizar o réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe, determinando o período impositivo a partir do cal terá efectos. A autorización concederáse por un período de dez anos.
- b) Desestimar a concesión do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe.

A solicitude deberá resolverse no prazo de tres meses, contados desde a data en que a solicitude fose presentada ou desde a data da súa emenda por requirimento do dito órgano. Transcorrido este, poderase entender denegada.

6. O contribuínte poderá solicitar prórrogas da autorización inicial por períodos adicionais de dez anos. A solicitude de prórroga presentarase antes de que finalice o período impositivo respecto do cal se pretende que teña efectos.

7. Se, con posterioridade á concesión dunha autorización, o contribuínte adquire, arrenda, toma en fretaxe ou xestiona, na súa totalidade, outros buques que cumpran os requisitos do réxime, deberá presentar, nos termos expostos nos puntos anteriores, unha nova solicitude referida a estes. A autorización adicional concederase polo período temporal de vixencia que reste á autorización inicial de réxime.

Artigo 54. *Renuncia e incumprimento do réxime.*

1. O contribuínte poderá renunciar á aplicación do réxime. A renuncia presentarase antes de que finalice o período impositivo respecto do cal se pretende que teña efectos. Durante os cinco anos seguintes á data anterior non se poderá solicitar unha nova aplicación do réxime.

2. O incumprimento dos requisitos establecidos neste réxime suporá a perda inmediata do dereito a aplicalo e determinará a obrigaçión de ingresar, conxuntamente coa cota correspondente ao período impositivo en que o incumprimento tivo lugar, as cotas íntegras correspondentes a todos os exercicios en que o réxime resultou de aplicación, calculadas conforme o réxime xeral do imposto, sen prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, de ser o caso, resulten procedentes. Durante os cinco anos seguintes á data de inicio do período impositivo en que tivo lugar o incumprimento non se poderá solicitar unha nova aplicación do réxime.

CAPÍTULO VII

Partidos políticos

Artigo 55. *Explotacións económicas propias dos partidos políticos exentas no imposto sobre sociedades.*

1. Para gozar da exención prevista no artigo 10.^o.dous.d) da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, estes deberán formular solicitude dirixida ao Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria antes de que finalice o período impositivo en que deba producir efectos.

O partido político solicitante achegará, xunto co escrito de solicitude, copia simple da escritura de constitución e estatutos, certificado de inscrición no Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio de Interior así como memoria en que se explique e xustifique que as explotacións económicas para as cales solicita a exención coinciden coa súa propia actividade.

Para estes efectos, entenderase que as explotacións económicas coinciden coa actividade propia do partido político cando:

- a) Contribúan directa ou indirectamente á consecución dos seus fins.
- b) Cando o desfrute desta exención non produza distorsións na competencia en relación con empresas que realicen a mesma actividade.
- c) Que se preste en condicións de igualdade a colectividade xenéricas de persoas. Entenderase que non se cumpre este requisito cando os promotores, afiliados, compromisarios e membros dos seus órganos de dirección e administración, así como os cónxuxes ou parentes até o cuarto grao inclusive de calquera deles, sexan os destinatarios principais da actividade ou se beneficien de condicións especiais para utilizar os seus servizos.

2. O órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica resolverá, de forma motivada, a exención solicitada. Esta exención quedará condicionada á concorrencia, en todo momento, das condicións e requisitos previstos na Lei orgánica 8/2007 e no presente artigo.

Entenderase outorgada a exención se o citado órgano non notificou a resolución nun prazo de seis meses.

3. Unha vez concedida a exención a que se refiren os puntos anteriores, non será preciso reiterar a súa solicitude para a súa aplicación aos períodos impositivos seguintes, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión ou a normativa aplicable.

O partido político deberá comunicar ao órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica calquera modificación relevante das condicións ou requisitos exigibles para a aplicación da exención. Este órgano poderá declarar, logo de audiencia do partido político por un prazo de dez días, se procede ou non a continuación da aplicación da exención. De igual forma se procederá cando a Administración tributaria coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou dos requisitos para a aplicación da exención.

4. O incumprimento dos requisitos exigidos para a aplicación desta exención determinará a perda do dereito á súa aplicación a partir do propio período impositivo en que se produza o incumprimento.

5. Para favorecer o adecuado control da actividade económico-financieira dos partidos políticos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicará ao Tribunal de Contas as solicitudes de exención presentadas e o resultado delas.

Artigo 56. Acreditación para efectos da exclusión da obrigaón de reter ou ingresar á conta respecto das rendas exentas percibidas polos partidos políticos.

A acreditación dos partidos políticos, para efectos da exclusión da obrigaón de reter ou ingresar á conta a que se refire o artigo 11.º, dous da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, efectuarase mediante certificado expedido polo órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica, logo de solicitude á cal se lle xuntará copia do certificado de inscrición no Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio do Interior.

Este certificado fará constar o seu período de vixencia, que se estenderá desde a data da súa emisión até a finalización do período impositivo en curso do solicitante.

TÍTULO III

Xestión do imposto

CAPÍTULO I

Índice de entidades, devolución e obrigaóns de colaboración

Artigo 57. Índice de entidades.

1. Mediante o Censo de empresarios, profesionais e retedores a que se refire o artigo 9 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, levarase en cada unha das delegacións o índice de entidades a que se refire o artigo 118 da Lei do imposto.

2. As modificacións censuais e as solicitudes de baixa do índice dos contribuíntes adscritos ás dependencias rexionais de Inspección e á Delegación Central de Grandes Contribuíntes dirixiranse, no primeiro caso, ás delegacións especiais correspondentes ao seu domicilio fiscal e, no segundo, á referida delegación central.

3. Cando se ditase acordo de baixa provisional como consecuencia do previsto na letra b) do punto 1 do artigo 119 da Lei do imposto e, posteriormente, a entidade presentase as declaracións omitidas, o órgano competente da Axencia Estatal da Administración Tributaria acordará a rehabilitación da inscrición no índice e remitirá o acordo ao rexistro público en que se estendese a nota marxinal correspondente para a súa cancelación.

Artigo 58. *Devolución.*

As devolucións a que se refire o artigo 127 da Lei do imposto realizaranse por transferencia bancaria. O ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá autorizar a devolución por cheque cruzado cando concorran as circunstancias que o xustifiquen.

Artigo 59. *Colaboración externa na presentación e xestión de declaracións.*

1. A Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións por este imposto a través de acordos coas comunidades autónomas e con outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

2. Os acordos a que se refire o punto anterior poderán aludir, entre outros, aos seguintes aspectos:

- a) Campañas de información e difusión.
- b) Asistencia na realización de declaracións e na súa formalización correcta e veraz.
- c) Remisión de declaracións á Administración tributaria.
- d) Emenda de defectos, logo de autorización dos contribuíntes.
- e) Información do estado de tramitación das devolucións, logo de autorización dos contribuíntes.

3. A Administración tributaria proporcionará a asistencia técnica necesaria para o desenvolvemento das indicadas actuacións sen prexuízo de ofrecer tales servizos con carácter xeral aos contribuíntes.

4. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas estableceranse os supostos e as condicións en que as entidades que subscribisen os citados acordos poderán presentar por medios telemáticos declaracións, declaracións-liquidacións ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria, en representación de terceiras persoas.

Esta orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ao dito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.

CAPÍTULO II

Obrigación de reter e ingresar á conta

Artigo 60. *Rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.*

1. Deberase practicar retención, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre sociedades correspondente ao perceptor, respecto:

a) Das rendas derivadas da participación en fondos propios de calquera tipo de entidade, da cesión a terceiros de capitais propios e das restantes rendas comprendidas no artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

b) Dos premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos.

c) Das contraprestacións obtidas como consecuencia da atribución de cargos de administrador ou conselleiro noutras sociedades.

d) Das rendas procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, mesmo cando constitúan ingresos derivados de explotacións económicas.

e) Das rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, mesmo cando constitúan ingresos derivados de explotacións económicas.

f) Das rendas obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo.

g) Das rendas obtidas como consecuencia da redución de capital con devolución de achegas e da distribución da prima de emisión realizadas por sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo non sometidas ao tipo xeral de gravame ou organismos de investimento colectivo equivalentes ás sociedades de capital variable rexistrados noutro Estado, con independencia de calquera limitación que teñan respecto de grupos restrinxidos de investimentos, na adquisición, cesión ou rescate das súas accións, así como polas sociedades amparadas na Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios.

2. Cando un mesmo contrato comprenda prestacións de servizos ou a cesión de bens inmobles, conxuntamente coa cesión de bens e dereitos dos incluídos no punto 4 do artigo 25 da Lei 35/2006, deberá practicar retención sobre o importe total.

Cando un mesmo contrato comprenda o arrendo, subarrendo ou cesión de predios rústicos, conxuntamente con outros bens mobles, non se practicará a retención excepto se se trata do arrendamento ou cesión de negocios ou minas.

3. Deberase practicar un ingreso á conta do imposto sobre sociedades correspondente ao perceptor respecto das rendas dos puntos anteriores, cando sexan satisfeitas ou aboadas en especie.

Artigo 61. *Excepcións á obrigaón de reter e de ingresar á conta.*

Non existirá obrigaón de reter nin de ingresar á conta respecto:

a) Dos rendementos dos valores emitidos polo Banco de España que constitúan instrumento regulador de intervención no mercado monetario e dos rendementos das letras do Tesouro.

Non obstante, as entidades de crédito e demais institucións financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre letras do Tesouro estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

b) Dos xuros que constitúan dereito a favor do Tesouro como contraprestación dos préstamos do Estado ao crédito oficial.

c) Dos xuros e comisións de préstamos que constitúan ingreso das entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito inscritos nos rexistros especiais do Banco de España, residentes en territorio español.

A excepción anterior non se aplicará aos xuros e rendementos das obrigaóns, bonos ou outros títulos emitidos por entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, que integran a carteira de valores das referidas entidades.

d) Dos xuros das operacións de préstamo, crédito ou anticipo, tanto activas como pasivas, que realice a Sociedade Estatal de Participacións Industriais con sociedades en que teña participación maioritaria no capital. Esta excepción non se poderá estender aos xuros de cédulas, obrigaóns, bonos ou outros títulos análogos.

e) Dos xuros percibidos polas sociedades de valores como consecuencia dos créditos outorgados en relación con operacións de compra ou venda de valores a que fai

referencia o artigo 63.2 b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, así como os xuros percibidos polas empresas de servizos de investimento respecto das operacións activas de préstamos ou depósitos mencionados no punto 2 do artigo 49 do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

Tampouco existirá obrigación de practicar retención en relación cos xuros percibidos por sociedades ou axencias de valores, en contraprestación ás garantías constituídas para operar como membros dos mercados de futuros e opcións financeiros, nos termos a que fan referencia os capítulos IV e V do Real decreto 1282/2010, do 15 de outubro, polo que se regulan os mercados secundarios oficiais de futuros, opcións e outros instrumentos financeiros derivados.

f) Das primas de conversión de obrigacións en accións.

g) Das rendas derivadas da distribución da prima de emisión de accións ou participacións efectuadas por entidades distintas das sinaladas na letra g) do punto 1 do artigo 60 deste regulamento.

h) Dos beneficios percibidos por unha sociedade matriz residente en España das súas sociedades filiais residentes noutros Estados membros da Unión Europea, en relación coa retención prevista no punto 2 do artigo 62 deste regulamento, cando concorran os requisitos establecidos na letra h) do punto 1 do artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

i) Dos rendementos procedentes do arrendamento e subarrendamento de bens inmobles urbanos nos seguintes supostos:

1.º Cando se trate de arrendamentos de vivenda por empresas para os seus empregados.

2.º Cando a renda satisfeita polo arrendatario a un mesmo arrendador non supere os 900 euros anuais.

3.º Cando a actividade do arrendador estea clasificada nalgunha das epígrafes do grupo 861 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, ou nalgunha outra epígrafe que faculte para a actividade de arrendamento ou subarrendamento de bens inmobles urbanos, e aplicando ao valor catastral dos inmobles destinados ao arrendamento ou subarrendamento as regras para determinar a cota establecida nas epígrafes do citado grupo 861, non resultase cota cero.

Para estes efectos, o arrendador deberá acreditar fronte ao arrendatario o cumprimento do citado requisito, nos termos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

4.º Cando os rendementos deriven dos contratos de arrendamento financeiro a que se refire o artigo 106 da Lei do imposto, en canto teñan por obxecto bens inmobles urbanos.

j) Dos rendementos que sexan exixibles entre unha agrupación de interese económico española ou europea e os seus socios, así como os que sexan exixibles entre unha unión temporal e as súas empresas membros.

k) Dos rendementos de participacións hipotecarias, préstamos ou outros dereitos de crédito que constitúan ingreso dos fondos de titulización.

l) Dos rendementos de contas no exterior satisfeitos ou aboados por establecementos permanentes no estranxeiro de entidades de crédito e establecementos financeiros residentes en España.

m) Dos rendementos satisfeitos a entidades que gocen de exención polo imposto en virtude do disposto nun tratado internacional suscrito por España.

n) Dos dividendos ou participacións en beneficios, xuros e demais rendementos satisfeitos entre sociedades que formen parte dun grupo que tribute no réxime de consolidación fiscal.

ñ) Dos dividendos ou participacións en beneficios repartidos por agrupacións de interese económico, españolas ou europeas, e por unións temporais de empresas, salvo aquelas que deban tributar conforme as normas xerais do imposto, que correspondan a socios que deban soportar a imputación da base imponible e procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade tributase segundo o disposto no réxime especial do capítulo II do título VII da Lei do imposto.

o) Das rendas obtidas polas entidades exentas a que se refire o punto 1 do artigo 9 da Lei do imposto.

A condición de entidade exenta poderase acreditar por calquera dos medios de proba admitidos en dereito. Mediante a resolución do órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coa súa estrutura orgánica, poderán establecerse os medios e a forma para acreditar a condición de entidade exenta.

Por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas poderase determinar o procedemento para poder facer efectiva a exoneración da obriga de retención ou ingreso á conta en relación cos rendementos derivados dos títulos da débeda pública do Estado percibidos polas entidades exentas a que se refire o punto 1 do artigo 9 da Lei do imposto.

p) Dos dividendos ou participacións en beneficios a que se refire o punto 1 do artigo 21 da Lei do imposto.

Para efectos do disposto nesta letra, a entidade perceptora deberá comunicar á entidade obrigada a reter que concorren os requisitos establecidos no citado artigo. A comunicación conterá, ademais dos datos de identificación do perceptor, os documentos que xustifiquen o cumprimento dos referidos requisitos.

q) Das rendas obtidas polos contribuíntes do imposto sobre sociedades procedentes de activos financeiros, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

1.º Que estean representados mediante anotacións na conta.

2.º Que se negocien nun mercado secundario oficial de valores español, ou no Mercado Alternativo de Renda Fixa, sistema multilateral de negociación creado de conformidade co previsto no título XI da Lei 24/1988.

Non obstante, as entidades de crédito e demais entidades financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre activos financeiros estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

As entidades financeiras a través das cales se efectúe o pagamento de xuros dos valores comprendidos nesta letra ou que interveñan na transmisión, amortización ou reembolso deles, estarán obrigadas a calcular o rendimento imputable ao titular do valor e informar del tanto o titular como a Administración tributaria á cal, así mesmo, proporcionarán os datos correspondentes ás persoas que interveñan nas operacións antes enumeradas.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas establecerá, así mesmo, as obrigacións de intermediación e información correspondentes ás separacións, transmisións, reconstituicións, reembolsos ou amortizacións dos valores de débeda pública para os cales se autorizase a negociación separada do principal e dos cupóns. En tales supostos, as entidades xestoras do Mercado de Débeda Pública en Anotacións estarán obrigadas a calcular o rendimento imputable a cada titular e informar del tanto o titular como a Administración tributaria á cal, así mesmo, proporcionarán a información correspondente ás persoas que interveñan nas operacións sobre estes valores.

Facúltase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para establecer o procedemento para facer efectiva a exclusión de retención regulada nesta letra.

r) Dos premios a que se refire a letra b) do punto 1 do artigo anterior, cando o seu importe non sexa superior a 300 euros, así como dos premios de lotarías e apostas que,

pola súa contía, estean exentos do gravame especial a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

s) Das rendas obtidas polos contribuíntes do imposto sobre sociedades procedentes de débeda emitida polas administracións públicas de países da OCDE e activos financeiros negociados en mercados organizados dos ditos países.

Non obstante, as entidades de crédito e demais entidades financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre os activos financeiros a que se refire o parágrafo precedente estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

As entidades financeiras a través das cales se efectúe o pagamento de xuros dos valores comprendidos nesta letra ou que interveñan na transmisión, amortización ou reembolso deles estarán obrigadas a calcular o rendimento imputable ao titular do valor e informar del tanto o titular como a Administración tributaria á cal, así mesmo, proporcionarán os datos correspondentes ás persoas que interveñan nas operacións antes enumeradas.

Facúltase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para establecer o procedemento para facer efectiva a exclusión de retención regulada nesta letra.

t) Das rendas derivadas da transmisión ou reembolso de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo obtidas:

1.º Polos fondos de investimento de carácter financeiro e polas sociedades de investimento de capital variable regulados na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, en cuxos regulamentos de xestión ou estatutos teñan establecido un investimento mínimo superior ao 50 por cento do seu patrimonio en accións ou participacións de varias institucións de investimento colectivo das previstas nas letras c) e d), indistintamente, do artigo 48.1 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo.

2.º Polos fondos de investimento de carácter financeiro e polas sociedades de investimento de capital variable regulados na Lei 35/2003, en cuxos regulamentos de xestión ou estatutos teñan establecido o investimento de, ao menos, o 85 por cento do seu patrimonio nun único fondo de investimento de carácter financeiro dos regulados no primeiro inciso do artigo 3.3 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003. Cando esta política de investimento se refira a un compartimento do fondo ou da sociedade de investimento, a excepción á obriga de reter e ingresar á conta prevista nesta letra só será aplicable respecto dos investimentos que integren a parte do patrimonio da institución atribuída ao dito compartimento.

A aplicación da exclusión de retención prevista nesta letra t) requirirá que a institución investidora se encontre incluída na correspondente categoría que, para os tipos de investimento sinalados nos parágrafos 1 e 2, teña establecida a Comisión Nacional do Mercado de Valores, a cal deberá constar no seu folleto informativo.

u) Das cantidades satisfeitas por entidades aseguradoras aos fondos de pensións como consecuencia do aseguramento de plans de pensións.

v) Das rendas obtidas polo cambio de activos en que estean investidas as provisións dos seguros de vida en que o tomador asume o risco do investimento.

Para a aplicación do disposto no parágrafo anterior, as entidades de seguros deberán comunicar ás entidades obrigadas a practicar a retención, con motivo da transmisión ou reembolso de activos, a circunstancia de que se trata dun contrato de seguro en que o tomador asume o risco do investimento e no cal se cumpren os requisitos previstos no artigo 14.2.h) da Lei 35/2006. A entidade obrigada a practicar a retención deberá conservar a comunicación debidamente asinada.

w) Das rendas derivadas do exercicio das funcións de liquidación de entidades aseguradoras e dos procesos concursais a que estas se encontren sometidas obtidas polo Consorcio de Compensación de Seguros, en virtude do disposto no parágrafo terceiro do

punto 1 do artigo 24 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

x) Da renda que se poña de manifesto nas empresas tomadoras como consecuencia da variación nos compromisos por pensións que estean instrumentados nun contrato de seguro colectivo que fose obxecto dun plan de financiamento, en canto non se lle dese cumprimento íntegro, conforme o disposto no artigo 36.5, segundo parágrafo, do Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro.

y) Das rendas derivadas do reembolso ou transmisión de participacións nos fondos regulados polo artigo 79 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003.

z) Das remuneracións e compensacións por dereitos económicos que perciba a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores polos préstamos de valores realizados en cumprimento do establecido no artigo 57 do Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións na conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas.

Así mesmo, a entidade mencionada no parágrafo anterior tampouco estará obrigada a practicar retención polas remuneracións e compensacións derivadas dos préstamos de valores tomados en cumprimento do previsto no citado artigo 57 que aboe ás entidades ou persoas prestamistas. Todo isto sen prexuízo da suxeición das ditas rendas á retención que corresponda, de acordo coa normativa reguladora do correspondente imposto persoal do prestamista, que, cando proceda, deberá practicala a entidade participante que intermedie no seu pagamento a aquel, para cuxo efecto non se entenderá que efectúa unha simple mediación de pagamento.

Artigo 62. *Suxeitos obrigados a reter ou a efectuar un ingreso á conta.*

1. Estarán obrigados a reter ou ingresar á conta cando satisfagan ou aboen rendas das previstas no artigo 60 deste regulamento:

a) As persoas xurídicas e demais entidades, incluídas as comunidades de bens e de propietarios e as entidades en réxime de atribución de rendas.

b) Os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que exerzan actividades económicas, cando satisfagan rendas no exercicio das súas actividades.

c) As persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español que operen nel mediante establecemento permanente.

2. Non se considerará que unha persoa ou entidade satisfai ou aboa unha renda cando se limite a efectuar unha simple mediación de pagamento, entendéndose por tal o aboamento dunha cantidade por conta e orde dun terceiro, excepto que se trate de entidades depositarias de valores estranxeiros propiedade de residentes en territorio español ou que teñan ao seu cargo a xestión de cobramento das rendas de tales valores. As citadas entidades depositarias deberán practicar a retención correspondente sempre que tales rendas non soportasen retención previa en España.

3. No caso de premios estará obrigado a reter ou a ingresar á conta a persoa ou entidade que os satisfaga.

4. Nas operacións sobre activos financeiros estarán obrigados a reter:

a) Nos rendementos obtidos na amortización ou reembolso de activos financeiros, a persoa ou entidade emisora. Non obstante, en caso de que se encomende a unha entidade financeira a materialización desas operacións, o obrigado a reter será a entidade financeira encargada da operación.

Cando se trate de instrumentos de xiro convertidos despois da súa emisión en activos financeiros, no momento do seu vencemento estará obrigado a reter o fedatario público ou institución financeira que interveña na presentación ao cobramento.

b) Nos rendementos obtidos na transmisión de activos financeiros incluídos os instrumentos de xiro a que se refire o punto anterior, cando se canalice a través dunha ou

de varias institucións financeiras, o banco, a caixa ou a entidade financeira que actúe por conta do transmitente.

Para efectos do disposto neste número, entenderase que actúa por conta do transmitente o banco, a caixa ou a entidade financeira que reciba daquel a orde de venda dos activos financeiros.

c) Nos casos non recollidos nos puntos anteriores, o fedatario público que obrigatoriamente debe intervir na operación.

5. Nas transmisións de valores da débeda do Estado deberá practicar a retención a entidade xestora do Mercado de Débeda Pública en Anotacións que interveña na transmisión.

6. Nas transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo, deberán practicar retención ou ingreso á conta as seguintes persoas ou entidades:

a) No caso de reembolso das participacións de fondos de investimento, as sociedades xestoras, salvo polas participacións rexistradas a nome de entidades comercializadoras por conta de partícipes, respecto das cales serán tales entidades comercializadoras as obrigadas a practicar a retención ou ingreso á conta.

b) No caso de recompra de accións por unha sociedade de investimento de capital variable cuxas accións non coticen en bolsa nin noutro mercado ou sistema organizado de negociación de valores, adquiridas polo contribuínte directamente ou a través de comercializador á sociedade, a propia sociedade, salvo que interveña unha sociedade xestora; neste caso, será esta.

c) No caso de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, as entidades comercializadoras ou os intermediarios facultados para a comercialización das accións ou participacións daquelas e, subsidiariamente, a entidade ou entidades encargadas da colocación ou distribución dos valores entre os potenciais subscritores, cando efectúen o reembolso.

d) No caso de xestoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, o representante designado de acordo co disposto no artigo 55.7 e na disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

e) Nos supostos en que non proceda a práctica de retención conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou partícipe que efectúe a transmisión ou obteña o reembolso. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 64.4 parágrafo primeiro, 65.3 e 66 deste regulamento.

7. Nas operacións de redución de capital con devolución de achegas e de distribución da prima de emisión, realizadas por sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo non sometidas ao tipo xeral de gravame, deberá practicar a retención ou ingreso á conta a propia sociedade.

No caso de institucións de investimento colectivo reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, constituídas e domiciliadas nalgún Estado membro da Unión Europea e inscritas no rexistro especial da Comisión Nacional do Mercado de Valores, para efectos da súa comercialización por entidades residentes en España, estarán obrigados a practicar retención ou ingreso á conta as entidades comercializadoras ou os intermediarios facultados para a comercialización das accións ou participacións daquelas e, subsidiariamente, a entidade ou entidades encargadas da colocación ou distribución dos valores, que interveñan no pagamento das rendas.

Cando se trate de organismos de investimento colectivo equivalentes ás sociedades de investimento de capital variable rexistrados noutro Estado, con independencia de calquera limitación que teñan respecto de grupos restrinxidos de investimentos, na adquisición, cesión ou rescate das súas accións, a obrigación de practicar a retención ou

ingreso á conta corresponderá á entidade depositaria dos valores ou que teña encargada a xestión de cobramento das rendas derivadas deles.

Nos supostos en que non proceda a práctica de retención ou ingreso á conta conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou participe que reciba a devolución das achegas ou a distribución da prima de emisión. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 64.8, 65.1 e 66 deste regulamento.

8. Nas operacións realizadas en España por entidades aseguradoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, estará obrigado a practicar retención ou ingreso á conta o representante designado de acordo co disposto no artigo 86.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

9. Os suxeitos obrigados a reter asumirán a obrigaçión de efectuar o ingreso no Tesouro, sen que o incumprimento daquela obrigaçión poida escusalos desta.

A retención e o ingreso correspondente, cando a entidade pagadora do rendemento sexa a Administración do Estado, efectuaranse de forma directa.

Artigo 63. *Cualificación dos activos financeiros e requisitos fiscais para a transmisión, reembolso e amortización de activos financeiros.*

1. Terán a consideración de activos financeiros con rendemento implícito aqueles en que o rendemento se xere mediante diferenza entre o importe satisfeito na emisión, primeira colocación ou endosamento e o comprometido a reembolsar ao vencemento daquelas operacións cuxo rendemento se fixe, total ou parcialmente, de forma implícita, a través de calquera valor mobiliario utilizado para a captación de recursos alleos.

Inclúense como rendementos implícitos as primas de emisión, amortización ou reembolso.

Exclúense do concepto de rendemento implícito as bonificacións ou primas de colocación, xiradas sobre o prezo de emisión, sempre que se encadren dentro das prácticas de mercado e que constitúan ingreso na súa totalidade para o mediador, intermediario ou colocador financeiro, que actúe na emisión e posta en circulación dos activos financeiros regulados nesta norma.

Considerarase como activo financeiro con rendemento implícito calquera instrumento de xiro incluso os orixinados en operacións comerciais, a partir do momento en que se endose ou transmita, salvo que o endosamento ou cesión se faga como pagamento dun crédito de provedores ou subministradores.

2. Terán a consideración de activos financeiros con rendemento explícito aqueles que xeren xuros e calquera outra forma de retribución pactada como contraprestación á cesión a terceiros de capitais propios e que non estea comprendida no concepto de rendementos implícitos nos termos que establece o punto anterior.

3. Os activos financeiros con rendemento mixto seguirán o réxime dos activos financeiros con rendemento explícito cando o efectivo anual que produzan desta natureza sexa igual ou superior ao tipo de referencia vixente no momento da emisión, aínda que nas condicións de emisión, amortización ou reembolso se fixase, de forma implícita, outro rendemento adicional. Este tipo de referencia será, durante cada trimestre natural, o 80 por cento do tipo efectivo correspondente ao prezo medio ponderado arredondado que resultase na última poxa do trimestre precedente, correspondente a bonos do Estado a tres anos, se se trata de activos financeiros con prazo igual ou inferior a catro anos; a bonos do Estado a cinco anos, se se trata de activos financeiros con prazo superior a catro anos pero igual ou inferior a sete, e a obrigaçións do Estado a 10, 15 ou 30 anos se se trata de activos con prazo superior. No caso de que non se poida determinar o tipo de referencia para algún prazo, será de aplicación o do prazo máis próximo ao da emisión planeada.

Para efectos do disposto neste punto, respecto das emisións de activos financeiros con rendemento variable ou flotante, tomarase como xuro efectivo da operación a súa taxa de rendemento interno, considerando unicamente os rendementos de natureza explícita e

calculada, de ser o caso, con referencia á valoración inicial do parámetro respecto do cal se fixe periodicamente o importe definitivo dos rendementos devindicados.

Non obstante o anterior, se se trata de débeda pública con rendemento mixto, cuxos cupóns e importe de amortización se calculan con referencia a un índice de prezos, a porcentaxe do primeiro parágrafo será o 40 por cento.

4. Para proceder ao alleamento ou obtención do reembolso dos títulos ou activos financeiros con rendemento implícito e de activos financeiros con rendemento explícito que deban ser obxecto de retención no momento da súa transmisión, amortización ou reembolso, deberase acreditar a súa adquisición previa con intervención dos fedatarios ou institucións financeiras obrigados a reter, así como o prezo a que se realizou a operación.

Cando un instrumento de xiro se converta en activo financeiro despois da súa posta en circulación, xa o primeiro endosamento ou cesión se deberá facer a través de fedatario público ou institución financeira, salvo que o mesmo endosatario ou adquirente sexa unha institución financeira. O fedatario ou institución financeira consignarán no documento o seu carácter de activo financeiro, con identificación do seu primeiro adquirente ou tedor.

5. Para efectos do disposto no punto anterior, a persoa ou entidade emisora, a institución financeira que actúe por conta desta, o fedatario público ou a institución financeira que actúe ou interveña por conta do adquirente ou depositante, segundo proceda, deberán estender certificación acreditativa dos seguintes aspectos:

- a) Data da operación e identificación do activo.
- b) Denominación do adquirente.
- c) Número de identificación fiscal do citado adquirente ou depositante.
- d) Prezo de adquisición.

Da mencionada certificación, que se estenderá por triplicado, entregaranse dous exemplares ao adquirente, e outro quedará en poder da persoa ou entidade que certifica.

6. As institucións financeiras ou os fedatarios públicos absteranse de mediar ou intervir na transmisión destes activos cando o transmitente non xustifique a súa adquisición de acordo co disposto neste artigo.

7. As persoas ou entidades emisoras dos activos financeiros a que se refire o punto 4 non os poderán reembolsar cando o tedor non acredite a súa adquisición previa mediante a certificación oportuna, axustada ao indicado no punto 5 anterior.

O emisor ou as institucións financeiras encargadas da operación que, de acordo co parágrafo anterior, non deban efectuar o reembolso ao tedor do título ou activo deberán constituír pola dita cantidade depósito á disposición da autoridade xudicial.

A recompra, rescate, cancelación ou amortización anticipada exixirán a intervención ou mediación de institución financeira ou de fedatario público, e a entidade ou persoa emisora do activo quedará como mero adquirente no caso de que volva pór en circulación o título.

8. O tedor do título, en caso de extravío dun certificado xustificativo da súa adquisición, poderá solicitar a emisión do correspondente duplicado da persoa ou entidade que emitiu tal certificación.

Esta persoa ou entidade fará constar o carácter de duplicado dese documento, así como a data de expedición dese último.

9. Nos casos de transmisión lucrativa entenderase que o adquirente se subroga no valor de adquisición do transmitente, en canto medie unha xustificación suficiente do referido custo.

Artigo 64. *Base para o cálculo da obrigaón de reter e ingresar á conta.*

1. Con carácter xeral, constituír a base para o cálculo da obrigaón de reter a contraprestación íntegra exixible ou satisfeita.

No caso de arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, a base da retención estará constituída por todos os conceptos que se satisfagan ao arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

2. No caso da amortización, reembolso ou transmisión de activos financeiros, constituirá a base para o cálculo da obrigaón de reter a diferenza positiva entre o valor de amortización, reembolso ou transmisión e o valor de adquisición ou subscripción dos ditos activos. Como valor de adquisición tomarase o que figure na certificación acreditativa da adquisición. Para estes efectos, non se minorarán os gastos accesorios á operación.

Sen prexuízo da retención que proceda ao transmitente, no caso de que a entidade emisora adquira un activo financeiro emitido por ela, practícaranse a retención e o ingreso sobre o rendemento que obteña en calquera forma de transmisión ulterior do título, excluída a amortización.

3. Cando a obrigaón de reter teña a súa orixe en virtude do previsto na letra b) do punto 1 do artigo 60 deste regulamento, constituirá a base para o seu cálculo o importe do premio.

No caso de premios de lotarías e apostas que, pola súa contía, estean suxeitos e non exentos do gravame especial de determinadas lotarías e apostas a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, a retención practícarase sobre o importe do premio suxeito e non exento, de acordo coa referida disposición.

4. Cando a obrigaón de reter teña a súa orixe en virtude do previsto na letra f) do punto 1 do artigo 60 deste regulamento, a base de retención será a diferenza entre o valor de transmisión ou reembolso e o valor de adquisición das accións ou participacións. Para estes efectos, considerarase que os valores transmitidos ou reembolsados polo contribuínte son aqueles que adquiriu en primeiro lugar.

Cando se trate de reembolso de participacións en fondos de investimento regulados pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para as cales, por aplicación do previsto no artigo 40.3 da citada lei, exista máis dun rexistro de partícipes, ou de transmisión ou reembolso de accións ou participacións en institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, comercializadas, colocadas ou distribuídas en territorio español, a regra de antigüidade a que se refire o parágrafo anterior aplicará a entidade xestora ou comercializadora con que se efectúe o reembolso ou transmisión respecto dos valores que figuren no seu rexistro de partícipes ou accionistas.

5. Cando a obrigaón de ingresar á conta teña a súa orixe en virtude do previsto no punto 3 do artigo 60 deste regulamento, constituirá a base para o seu cálculo o valor de mercado do ben.

Para estes efectos, tomarase como valor de mercado o resultado de incrementar nun 20 por cento o valor de adquisición ou custo para o pagador.

6. Cando non se poida probar a contraprestación íntegra exixible ou satisfeita, a Administración tributaria poderá computar como tal unha cantidade da cal, restada a retención procedente, se obteña a efectivamente percibida.

7. Cando a obrigaón de reter ou ingresar á conta teña a súa orixe no axuste secundario derivado do previsto no artigo 18.11 da Lei do imposto, constituirá a súa base a diferenza entre o valor convindo e o valor de mercado.

8. No caso das rendas a que se refire a letra g) do punto 1 do artigo 60 deste regulamento, a base de retención será a contía que se integrará na base imponible calculada de acordo co establecido no punto 6 do artigo 17 da Lei do imposto.

Artigo 65. *Nacemento da obrigaón de reter e de ingresar á conta.*

1. Con carácter xeral, as obrigaóns de reter e de ingresar á conta nacerán no momento da exixibilidade das rendas, en diñeiro ou en especie, suxeitas a retención ou ingreso á conta, respectivamente, ou no do seu pagamento ou entrega, se é anterior.

En particular, entenderanse exixibles os xuros nas datas de vencemento sinaladas na escritura ou no contrato para a súa liquidación ou cobramento, ou cando doutra forma se recoñezan na conta, mesmo cando o receptor non reclame o seu cobramento ou os rendementos se acumulen ao principal da operación, e os dividendos, na data establecida no acordo de distribución ou a partir do día seguinte ao da súa adopción, na falta da determinación da citada data.

2. No caso de rendementos derivados da amortización, reembolso ou transmisión de activos financeiros, a obrigaón de reter ou ingresar á conta nacerá no momento en que se formalice a operación.

3. No caso de rendas obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo, a obrigaón de reter ou ingresar á conta nacerá no momento en que se formalice a operación, calquera que sexan as condicións de cobramento pactadas.

Artigo 66. Porcentaxe de retención e ingreso á conta.

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta será a seguinte:

a) Con carácter xeral, o 19 por cento. Cando se trate de rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou nas súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas en tales territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal, esa porcentaxe dividirase entre dous.

b) No caso de rendas procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, o 24 por cento.

c) No caso de premios de lotarías e apostas que, pola súa contía, estean suxeitos e non exentos do gravame especial de determinadas lotarías e apostas a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2003, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, o 20 por cento.

Artigo 67. Importe da retención ou do ingreso á conta.

O importe da retención ou do ingreso á conta determinarase aplicando a porcentaxe a que se refire o artigo anterior á base de cálculo.

Artigo 68. Obrigacións do retedor e do obrigado a ingresar á conta.

1. O retedor e o obrigado a ingresar á conta deberán presentar nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, ante o órgano competente da Administración tributaria, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos 20 primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados nos cales concorran as circunstancias a que se refire o punto 3.1.º do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Non procederá a presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen no período da declaración rendas sometidas a retención ou ingreso á conta.

2. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá presentar nos primeiros 20 días naturais do mes de xaneiro unha declaración anual das retencións e ingresos á conta efectuados. Non obstante, no caso de que esta declaración se presente en soporte directamente lexible por ordenador ou fose xerado mediante a utilización, exclusivamente, dos correspondentes módulos de impresión desenvolvidos para estes efectos pola Administración tributaria, o prazo de presentación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte ao do que corresponde a dita declaración.

Nesta declaración, ademais dos seus datos de identificación, poderá exixirse que conste unha relación nominativa dos perceptores cos seguintes datos:

- a) Denominación da entidade.
- b) Número de identificación fiscal.

- c) Renda obtida, con indicación da identificación, descrición e natureza dos conceptos, así como do exercicio en que esa renda se devindicou.
- d) Retención practicada ou ingreso á conta efectuado.

As mesmas obrigacións establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento das rendas de valores.

3. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá expedir en favor do contribuínte certificación acreditativa das retencións practicadas, ou dos ingresos á conta efectuados, así como dos restantes datos referentes ao contribuínte que se deben incluír na declaración anual a que se refire o punto anterior.

A citada certificación deberase pór á disposición do contribuínte con anterioridade ao inicio do prazo de declaración deste imposto.

As mesmas obrigacións establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento de rendas de valores.

4. Os pagadores deberán comunicar aos contribuíntes a retención ou ingreso á conta practicados no momento en que satisfagan as rendas, indicando a porcentaxe aplicada.

5. As declaracións a que se refire este artigo realizaranse nos modelos que para cada clase de rendas estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas quen, así mesmo, poderá determinar os datos que se deben incluír nas declaracións, dos previstos no punto 2 anterior, e o retedor ou obrigado a ingresar á conta estará obrigado a consignar a totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que o afecten.

A declaración e o ingreso efectuaranse na forma e no lugar que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

6. A declaración e o ingreso do pagamento á conta a que se refire a letra e) do artigo 62.6 deste regulamento efectuaranse na forma, no lugar e no prazo que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

CAPÍTULO III

Conversión de activos por imposto diferido en créditos exigibles fronte á Facenda pública. Procedemento de compensación e aboamento

Artigo 69. *Procedemento de compensación e aboamento de créditos exigibles fronte á Facenda pública.*

1. Os activos por imposto diferido correspondentes a dotacións por deterioración dos créditos ou doutros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co contribuínte, non debidos con entidades de dereito público e cuxa deducibilidade non se produza por aplicación do disposto no artigo 13.1.a) da Lei do imposto, así como os derivados dos puntos 1 e 2 do artigo 14 da Lei do imposto, correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación, converteranse nun crédito exigible fronte á Administración tributaria, nos termos establecidos no punto 1 do artigo 130 da Lei do imposto.

2. A conversión dos activos por imposto diferido a que se refire o punto anterior nun crédito exigible fronte á Administración tributaria producirase no momento da presentación da autoliquidación do imposto sobre sociedades correspondente ao período impositivo en que se producisen as circunstancias previstas no punto 1 do artigo 130 da Lei do imposto.

3. A conversión de activos por imposto diferido nun crédito exigible fronte á Administración tributaria determinará que o contribuínte poida optar por solicitar o seu aboamento á Administración tributaria ou por compensar eses créditos con outras débedas

de natureza tributaria de carácter estatal que o propio contribuínte xere a partir do momento da conversión.

4. A solicitude de aboamento do crédito exixible fronte á Administración tributaria realizarase a través da autoliquidación do imposto sobre sociedades. Este aboamento rexerase polo disposto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, sen que en ningún caso se produza a devindicación do xuro de demora a que se refire o punto 2 do dito artigo 31.

5. No caso de que o contribuínte inste a compensación do crédito exixible fronte á Administración tributaria con outras débedas, nos termos establecidos no punto 3 do artigo 130 da Lei do imposto, deberá dirixir ao órgano competente para a súa tramitación a correspondente solicitude, para cada débeda cuxa compensación pretenda realizar, de acordo co modelo que se aprobará por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas. Esta solicitude conterá os seguintes datos:

- a) Identificación da débeda tributaria cuxa compensación se solicita, indicando, polo menos, o seu importe e concepto. Indicarase tamén a data de vencemento do prazo de ingreso no caso de débedas con prazo de ingreso en período voluntario.
- b) Identificación da autoliquidación en que se xera o crédito exixible fronte á Administración tributaria cuxa compensación se pretenda.
- c) Manifestación do contribuínte indicando que non se solicitou o aboamento do referido crédito nin se solicitou a súa compensación polo mesmo importe con outras débedas tributarias.

A solicitude poderase presentar en relación con aquelas débedas xeradas a partir do momento da conversión. Esta solicitude non impedirá a solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos da débeda restante.

A resolución desta solicitude deberá notificarse no prazo de seis meses.

No non previsto neste artigo resultará de aplicación o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, en relación coa compensación de débedas.

A competencia para tramitar o correspondente procedemento e ditar resolución nos supostos regulados neste artigo establecerase mediante a correspondente norma de organización específica.

Disposición adicional única. *Concepto de entidade patrimonial en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.*

Para os efectos do disposto no punto 2 do artigo 5, para determinar se unha entidade ten ou non a condición de patrimonial en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, terase en conta a suma agregada dos balances anuais dos períodos impositivos correspondentes ao tempo de tenza da participación, co límite dos iniciados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009, salvo proba en contrario.

Disposición transitoria primeira. *Amortización dos elementos usados.*

Os elementos patrimoniais adquiridos usados, que se estivesen amortizando con anterioridade á entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, continuarán amortizándose de acordo coas normas vixentes con anterioridade á entrada en vigor da citada lei.

Disposición transitoria segunda. *Risco de crédito en entidades financeiras.*

1. A excepción prevista no artigo 7.3 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, segundo a redacción vixente até o 31 de decembro de 2004, unicamente afectará as dotacións correspondentes aos excesos dos saldos dos conceptos a que se refire a dita excepción, respecto dos saldos da mesma natureza correspondentes á data de entrada en vigor da Orde do 13 de xullo

de 1992, sobre aplicación da provisión para insolvencias ás entidades de crédito sometidas á tutela administrativa do Banco de España, sen prexuízo da integración na base impositiva dos saldos do Fondo de Insolvencias que queden liberados por calquera causa, en canto tales saldos procedan de dotacións que tivesen a consideración de fiscalmente deducibles.

2. A excepción prevista no artigo 7.3 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, segundo a redacción vixente para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2005, unicamente afectará as dotacións correspondentes aos excesos dos saldos dos conceptos a que se refire tal excepción, respecto dos saldos da mesma natureza a partir do 31 de decembro de 2004, sen prexuízo da integración na base impositiva dos saldos da cobertura xenérica que queden liberados por calquera causa, en canto tales saldos procedan de dotacións que tivesen a consideración de fiscalmente deducibles.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos beneficios fiscais sobre determinadas operacións financeiras.*

1. Aplicación do réxime transitorio. –Manterán os dereitos adquiridos, nos termos en que foron concedidos e de acordo co establecido nesta disposición transitoria, as entidades que, no momento da entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, gozasen dalgún dos beneficios tributarios a que se refire a disposición transitoria sexta da Lei do imposto.

2. Dereitos adquiridos.

a) Para efectos do previsto no punto anterior, terán a consideración de dereitos adquiridos:

1.º As bonificacións recoñecidas no imposto sobre as rendas do capital ás sociedades concesionarias de autoestradas, concedidas por prazo determinado e a título individual, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1979 en virtude de pacto ou contrato solemne co Estado.

2.º As bonificacións no imposto sobre sociedades, concedidas durante a vixencia da Lei 61/1978, do 27 de decembro, de duración determinada, recoñecidas polo Estado, a que se refire a disposición transitoria sexta da Lei do imposto.

b) Os dereitos adquiridos non poderán ser obxecto de prórroga ningunha ao termo do período recoñecido.

3. Aplicación ás sociedades concesionarias de autoestradas dos beneficios procedentes do imposto sobre as rendas do capital.

a) Os beneficios recoñecidos ás sociedades concesionarias de autoestradas continuarán aplicándose de acordo coas normas do imposto sobre as rendas do capital e sobre o tipo que resulte aplicable segundo o dito imposto.

b) O receptor dos rendementos, cando figure sometido a obrigaçión persoal, poderá deducir da súa cota o imposto sobre as rendas do capital que tería sido aplicado de non existir o beneficio.

c) Non obstante o disposto no número anterior, as entidades de seguros, de aforros e entidades de crédito de todas clases deducirán da súa cota unicamente a cantidade efectivamente retida.

4. Bonificacións concedidas durante a vixencia da Lei 61/1978, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

As entidades que, no momento da entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, tivesen dereitos adquiridos en relación coas bonificacións a que se refire a alínea a).2.º do punto 2 desta disposición, conservaranos nos termos en que foron concedidos, sen prexuízo do establecido nos puntos seguintes.

5. Créditos ponte.

a) Entenderase por créditos ponte os concedidos para cubrir o período de instrumentación das operacións de refinanciamento para as cales se pretenda a

bonificación, sempre que o seu prazo non exceda un ano prorrogable, logo de comunicación á Administración tributaria, por outro período anual.

b) Os rendementos dos créditos ponte non gozarán de bonificación.

c) Non se perderá a bonificación que tivesen recoñecida en virtude do punto 7 desta disposición os préstamos ou empréstitos cuxo importe se destine a cancelar os créditos ponte a que fai referencia a letra a).

6. Substitución e transmisión de participacións.

a) Nos casos de substitución e transmisión de participacións da operación crediticia que non superen o 5 por cento do saldo pendente da operación, sempre que non se altere o grao de participación estranxeira no financiamento nin supoña variación na dirección da operación, a entidade prestataria limitarase a informar anualmente o órgano que concedeu a bonificación das alteracións habidas.

b) Cando non se cumpran as condicións sinaladas na letra anterior, a entidade emisora estará obrigada a solicitar a validación das bonificacións no seu día outorgadas.

7. Operacións de refinanciamento.

a) Poderanse refinanciar, sen perder por iso as bonificacións que tivesen recoñecidas orixinarmente, sempre que cumpran os requisitos establecidos nesta disposición:

1.º Os préstamos concertados no mercado exterior, así como os empréstitos emitidos nel.

2.º Os empréstitos emitidos no mercado interior.

b) Serán requisitos inescusables para que as operacións de refinanciamento poidan gozar da bonificación os seguintes:

1.º Que en ningún caso se supere o prazo máximo da operación financeira orixinaria.

2.º Que o importe da operación de refinanciamento non exceda a contía da débeda pendente e non vencida na data da dita operación.

Cando se trate de operacións efectuadas en moeda estranxeira que impliquen substitución da divisa empregada, aplicarase o tipo de cambio de divisa a divisa da data en que se efectúe a operación de refinanciamento.

c) Excepcionalmente, cando se trate de operacións efectuadas no mercado internacional, poderá autorizarse a ampliación do prazo a que se refire a alínea b).1.º cando a operación de refinanciamento se efectúe en mellores condicións tanto de xuro como de garantías.

d) En ningún caso a bonificación poderá aplicarse ás operacións de refinanciamento dos xuros.

e) A concesión das bonificacións das operacións de refinanciamento deberá ser solicitada pola entidade prestataria nas condicións establecidas nesta disposición.

8. Solicitudes:

a) A solicitude da bonificación nas operacións a que se refire esta disposición dirixirase á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xunto cos seguintes documentos:

1.º Memoria acerca dos investimentos que se pretende realizar cos fondos procedentes dos préstamos ou empréstitos en que se fará constar o orzamento detallado do custo daquelas, a súa localización e as datas e prazos aproximados en que se levarán a cabo.

2.º Plan de financiamento dos investimentos, en que deberán constar as datas previstas en que nunha ou varias veces se recorrerá a medios financeiros alleos, interiores ou exteriores, con obxecto de conseguir o financiamento necesario.

3.º Copia do contrato ou acordo de préstamo. Nos empréstitos xuntarase certificación da acta da xunta xeral en que se aprobou a emisión ou do acordo do consello de administración en que se execute por delegación o acordo tomado no seu día pola xunta xeral.

Cando se presente unha proposta de contrato deberase remitir copia do definitivo unha vez establecido.

4.º Cadro de amortización do préstamo ou empréstito.

5.º Créditos ponte desfrutados, así como a súa duración.

6.º Grao de vinculación ou ausencia desta, entre prestamistas e prestameiros.

b) Á solicitude deberáselle xuntar a memoria económico-financeira xustificativa da operación.

9. Resolución:

a) Se a resolución que adopte o ministro de Facenda e Administracións Públicas, e por delegación o director xeral de Tributos, é favorable, nela determinarase:

1.º Porcentaxe de bonificación concedida.

2.º Contía total da operación que gozará de bonificación.

3.º Prazo máximo dentro do cal se deberán levar a cabo os investimentos contidos na memoria.

4.º Calendario e condicións das operacións financeiras previstas sen que, en ningún caso, se exceda a contía a que se refire o ordinal 2.º anterior.

5.º Calquera outra condición que se considere pertinente.

b) A resolución a que se refire o número anterior terá o carácter de provisional mentres non se cumpran os seguintes trámites:

1.º Autorización administrativa, na forma que proceda, cando sexa exixida para a realización da operación financeira.

2.º Comprobación pola Administración tributaria, unha vez transcorrido o prazo para a realización dos investimentos, de que a sociedade os levou a efecto e cumpriu as condicións baixo as cales se concederon as bonificacións. En todo caso, a Administración tributaria poderá efectuar, en calquera momento, as comprobacións que coide necesarias para establecer o adecuado seguimento dos investimentos a que os beneficios concedidos se refiran.

Así mesmo, terá carácter provisional a autorización concedida con base nunha proposta de contrato mentres non resulte ratificada no prazo de 15 días a partir da recepción do contrato definitivo.

c) O prazo para adoptar a decisión provisional será dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se presente a solicitude xunto con todos os datos e documentos pertinentes ou, de ser o caso, desde que se emenden as omisións por requirimento da Administración tributaria.

d) Cando o prazo fixado na resolución para a realización dos investimentos resulte insuficiente, a empresa poderá solicitar, cunha antelación mínima dun mes con respecto á data en que aquel debese finalizar, unha única prórroga, expondo as razóns que xustifiquen esta solicitude. A Administración tributaria notificará á sociedade a resolución pertinente antes de que finalice o prazo ordinario. De non se facer así, entenderase que a resolución foi favorable.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de retencións sobre os rendementos do capital mobiliario e sobre ganancias patrimoniais.*

1. A obriga de reter nas transmisións, amortizacións ou reembolsos de activos financeiros con rendemento explícito será aplicable ás operacións formalizadas desde o 1 de xaneiro de 1999.

Nas transmisións de activos financeiros con rendemento explícito emitidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, en caso de non se acreditar o prezo de adquisición, a retención practicarase sobre a diferenza entre o valor de emisión do activo e o prezo de transmisión.

Non se someterán a retención os rendementos derivados da transmisión, troca ou amortización de valores de débeda pública emitidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999 que, con anterioridade a esta data, non estivesen suxeitos a retención.

2. Cando se perciban, a partir do 1 de xaneiro de 1999, rendementos explícitos para os cales, por ser a frecuencia das liquidacións superior a doce meses, se efectuasen ingresos á conta, a retención definitiva practicarase ao tipo vixente no momento da exixibilidade e regularizárase atendendo aos ingresos á conta realizados.

Disposición transitoria quinta. *Obrigacións de información da disposición transitoria décimo cuarta da Lei do imposto.*

Para os efectos do disposto na disposición transitoria décimo cuarta da Lei do imposto, os contribuíntes deberán presentar, conxuntamente coa súa declaración polo imposto sobre sociedades dos exercicios en que practiquen a dedución recollida na dita disposición, a seguinte información:

- a) Identificación e porcentaxe de participación naquelas entidades participadas cuxa adquisición xerese o dereito a aplicar a referida dedución.
- b) Descrición das súas actividades.
- c) Valor e data de adquisición das participacións, así como o valor do patrimonio neto contable correspondente a estas, determinado a partir das contas anuais homoxeneizadas.
- d) Xustificación dos criterios de homoxeneización valorativa e temporal, así como de imputación aos bens e dereitos da entidade participada, da diferenza existente entre o prezo de adquisición das súas participacións e o patrimonio neto contable imputable a elas na data da súa adquisición.

Disposición derradeira única. *Habilitacións ao ministro de Facenda e Administracións Públicas.*

Habilítase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para:

- a) Aprobar o modelo de declaración por este imposto e determinar os lugares e a forma de presentación deste.
- b) Aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración, incluíndo a declaración consolidada dos grupos de sociedades.
- c) Establecer os documentos ou xustificantes que se deban xuntar coa declaración.
- d) Aprobar o modelo de pagamento fraccionado e determinar o lugar e a forma de presentación deste.
- e) Aprobar o modelo de información que deben render as agrupacións de interese económico e as unións temporais de empresas.
- f) Ampliar, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, o prazo de presentación das declaracións tributarias establecidas na Lei do imposto e neste regulamento cando esta presentación se efectúe por vía telemática.